Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que introduza unha partida específica nos orzamentos do actual exercicio para a rehabilitación integral do IES Moncho Valcarce, das Pontes
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 53698 (12/PNC-004243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Marnotes Fernández, Argimiro e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referida ao cuestionamento da constitucionalidade da medida prevista no artigo 128 bis da Lei do deporte de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53708 (12/PNC-004244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as políticas públicas que debe desenvolver o Goberno galego en materia de memoria histórica

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 53716 (12/PNC-004245)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre os informes que debe presentar o Goberno galego no Parlamento de Galicia relativos ás actuacións previstas e non executadas dos plans de prevención de incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 53722 (12/PNC-004246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha accións destinadas á concienciación e sensibilización fronte ao cambio climático, tendo a mocidade como o seu principal obxectivo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53724 (12/PNC-004247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos bens patrimoniais galegos que puidese obter de forma irregular ou ilícita a familia Franco durante a ditadura
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 53729 (12/PNC-004248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cumpra o punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e desenvolva todas as medidas incluídas no devandito plan

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 53735 (12/PNC-004249)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da implantación efectiva e inmediata do servizo de radioloxía no Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 53746 (12/PNC-004250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de persoal facultativo sen formación MIR

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2026 13:15:08
Nº Rexistro: 53784
Data envío: 20/03/2026 13:15:08,503

Asinado o día 20/03/26
13:08
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Chao Rivas, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o nomeamento de José Santiago Freire Abeijón como Director Territorial da Consellería de Educación na Coruña.

Asinado o día 20/03/2026 ás
13:08
Por Cristina Fernández Davila

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza explique canto antes en sede parlamentaria o recente nomeamento do Director Territorial da Consellería de Educación na provincia da Coruña.

Asinado o día 20/03/2026 ás
13:08
Por Ana Pontón Mondelo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de marzo foi publicada no DOG a orde de 12 de marzo de 2026 pola que se nomea Director Territorial da Consellería de Educación na provincia da Coruña a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

José Santiago Freire Abeijón, o que fora alcalde do Concello de Noia entre 2016 e 2025 e anteriormente de Lousame entre 2003 e 2012.

En marzo de 2017 Santiago Freire foi reprobado polos comentarios machistas que fixo durante un acto de homenaxe a unha mariscadora polo Día Internacional da Muller, o 8M. E aínda que pediu desculpas publicamente, a mesma Secretaria Xeral de Igualdade rexeitou os comentarios feitos polo Alcalde.

Non foi a única ocasión en que este representante institucional tivo que enfrontar denuncias e peticións de dimisión. A última foi o pasado mes de outubro cando saíu á luz que o PP local cargaba gastos inxustificables á subvención do grupo municipal, en concreto facturas de bares, cátering e restaurantes, cuestión carente de ética e politicamente insostible. Polo que a Corporación solicitou a entrega da súa acta como Concelleiro.

Agora, o Presidente Rueda, a través do Conselleiro de Educación “premia” a unha persoa que usa imaxes de Franco nas súas redes sociais para festexar vitorias do PP e cunha mochila de grandes machistadas e irregularidades na xustificación de gastos públicos, nomeándoo Director Territorial da súa Consellería, poñendo nas súas mans a encomenda de vixiar o control ideolóxico nos centros educativos, imposto polo PP ao fronte do Goberno da Xunta de Galiza.

Esta situación ven de escandalizar á comunidade educativa galega que non entende como pode rematar esta persoa sendo nomeada mediante libre designación para ostentar a Dirección Territorial, cando non coñece a educación pública e sendo cuestionado, mesmo polo propio Presidente da Xunta, de xeito recorrente pola súa falta de ética e actuacións reprobables. Malia todo isto, vai ocupar un cargo relevante e no que se espera traballe a prol dunha educación pública inclusiva, igualitaria e respectuosa cos valores democráticos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cesar de xeito inmediato ao Director Territorial da Consellería de Educación na provincia da Coruña, por posicionamentos públicos previos machistas e franquistas, así como de denuncias sobre irregularidades na xustificación de gastos con fondos públicos, así como non ter un perfil acorde ao que se espera dun representante institucional da Consellería de Educación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2026 13:08:40
Cristina Fernández Davila na data 20/03/2026 13:08:47
Daniel Castro García na data 20/03/2026 13:08:55
Luis Bará Torres na data 20/03/2026 13:09:01
Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2026 13:09:07
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/03/2026 13:09:12
Paulo Ríos Santomé na data 20/03/2026 13:09:19
Rosana Pérez Fernández na data 20/03/2026 13:09:27
Ariadna Fernández González na data 20/03/2026 13:09:35
Iria Carreira Pazos na data 20/03/2026 13:09:42
José Manuel Golpe Acuña na data 20/03/2026 13:09:54
Secundino Fernández Fernández na data 20/03/2026 13:10:05
Carmela González Iglesias na data 20/03/2026 13:10:11
Sonia Vidal Lamas na data 20/03/2026 13:10:19
Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/03/2026 13:10:29
Saleta Chao Rivas na data 20/03/2026 13:10:38
Óscar Insua Lema na data 20/03/2026 13:11:00
María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2026 13:11:10
Ramón Fernández Alfonzo na data 20/03/2026 13:11:29
Alexandra Fernández Gómez na data 20/03/2026 13:11:39
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/03/2026 13:11:49
Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2026 13:11:55
Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2026 13:12:04
Iago Suárez Fernández na data 20/03/2026 13:12:14
Iria Taibo Corsanego na data 20/03/2026 13:12:19



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/03/2026 13:15:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2026 13:15:08
Nº Rexistro: 53784
Data envío: 20/03/2026 13:15:08,503

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, Gonzalo Trenor López, Enrique Barreiro Sánchez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno, polo trámite de urxencia.**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación cos controis dos contratos lácteos no actual contexto de entrada de excedentes de leite doutros países da Unión Europea a prezos baixos e de subida dos custes de produción

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de rectificar o recorte das axudas estatais destinadas a compensar os danos ocasionados ao gando polo lobo.

Exposición de Motivos

A gandería extensiva constitúe un dos piares económicos, sociais e ambientais do medio rural galego. Miles de explotacións familiares manteñen unha actividade esencial para a economía do rural, para a conservación do territorio e para a prevención dos incendios forestais.

Porén, nos últimos anos os gandeiros galegos están a sufrir un incremento dos ataques de lobo ao gando, que provocan a morte de miles de animais cada ano en diferentes zonas de España, xerando perdas económicas directas e unha grave incerteza para a viabilidade de moitas explotacións.

A esta situación sumouse recentemente unha decisión do Goberno de España que agrava aínda máis a situación do sector. Segundo transcendeu publicamente, o Executivo central reduciu as axudas destinadas a compensar os danos ocasionados polo lobo ao gando co obxectivo de destinar estes recursos a programas vinculados ao impulso do coche eléctrico.



Esta decisión evidencia unha preocupante falta de sensibilidade cara ao sector primario e cara ao medio rural, trasladando aos gandeiros o custo de políticas de protección da fauna salvaxe que son competencia do Estado. Resulta especialmente grave que, mentres se incrementan as esixencias regulatorias e se limita a xestión do lobo mediante a súa inclusión no listado de especies protexidas, o Goberno de España reduza os recursos destinados a compensar os danos que dita protección provoca nas explotacións gandeiras.

En territorios como Galicia, onde a presenza do lobo é especialmente significativa e onde a gandería extensiva desempeña un papel fundamental na economía rural, esta situación xera unha clara desigualdade e unha carga desproporcionada para os profesionais do campo.

As políticas de conservación da biodiversidade deben ser compatibles coa supervivencia da actividade gandeira. En ningún caso pode permitirse que as decisións adoptadas polo Goberno de España supoñan trasladar os custos destas políticas aos gandeiros galegos, especialmente cando se están reducindo as axudas destinadas a compensar os danos causados por esta especie.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que o Goberno de España rectifique esta política, garanta os recursos necesarios e asuma a súa responsabilidade no financiamento das indemnizacións polos ataques do lobo.

É polo que, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Restablecer e reforzar de maneira inmediata os fondos estatais destinados a compensar os danos ocasionados polo lobo ao gando, garantindo que as comunidades autónomas dispoñan de financiamento suficiente para indemnizar adecuadamente aos gandeiros afectados e reclamar, así mesmo, os fondos que o Goberno Central debe a Galicia correspondentes aos exercicios orzamentarios 2022, 203 e 2025, que suman 12M€.
2. Rectificar a decisión de que as axudas e os recursos destinados aos gandeiros polos danos do lobo sexan desviados a outros programas alleos ao sector primario, como os incentivos ao coche eléctrico.





3. Crear un fondo estatal específico para a compensación de danos causados por grandes carnívoros, financiado pola Administración Xeral do Estado, que permita cubrir os custos derivados das políticas de protección da fauna salvaxe.

4. Impulsar, en coordinación coas comunidades autónomas, un plan estatal de apoio á gandería extensiva que inclúa medidas de prevención, compensación áxil de danos e apoio económico ás explotacións situadas en zonas con presenza de lobo.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2026 16:53:02
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 23/03/2026 16:53:35
Gonzalo Trenor López na data 23/03/2026 16:54:51
Enrique Barreiro Sánchez na data 23/03/2026 16:55:15
María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2026 16:55:55
José Mato Díaz na data 23/03/2026 16:57:04
Cristina Campero Dorado na data 23/03/2026 16:57:38
Juan Manuel Casares Gándara na data 23/03/2026 16:58:01
Nicole Grueira Fernández na data 23/03/2026 16:58:44
Ángel Rodríguez Conde na data 23/03/2026 16:59:13
Cecilia Vázquez Suárez na data 23/03/2026 16:59:41
Moisés Rodríguez Pérez na data 23/03/2026 17:00:14
Roberto Rodríguez Martínez na data 23/03/2026 17:00:42
Carmen Pomar Tojo na data 23/03/2026 17:01:32
José Luis Ferro Iglesias na data 23/03/2026 17:02:23
María Nazaret Cendán Gayoso na data 23/03/2026 17:02:54
Dolores Hermelo Piñeiro na data 23/03/2026 17:03:20
Argimiro Marnotes Fernández na data 23/03/2026 17:04:01
Katherinie Varela Fernández na data 23/03/2026 17:04:32



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 17:05:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2026 17:05:05
Nº Rexistro: 53835
Data envío: 23/03/2026 17:05:05.037

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO
DE GALICIA****PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2026 17:49:26
Nº Rexistro: 53840
Data envío: 23/03/2026 17:49:26.320Asinado o día 23/03/26
17:40
Por Enrique Barreiro

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Miguel Ángel Viso Diéguez, Enrique Barreiro Sánchez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez e Borja Vereja Fraiz**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación cos controis dos contratos lácteos no actual contexto de entrada de excedentes de leite doutros países da Unión Europea a prezos baixos e de subida dos custes de produción.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que teñen as reducións pronunciadas nos prezos do leite aos gandeiros por parte das industrias.

Exposición de motivos

Galicia é a principal produtora de leite no conxunto de España e unha das primeiras de Europa ata o punto de que o sector lácteo constitúe unha actividade estratéxica para a economía galega. Cómpre non esquecer que a produción láctea ten en Galicia unha forte implantación territorial e, de feito, miles de explotacións familiares sosteñen emprego, actividade económica e poboación no medio rural.

Ademais do seu peso económico, o leite galego é amplamente recoñecido pola súa calidade, grazas ás condicións naturais do territorio e ao modelo produtivo das explotacións. Neste sentido, iniciativas de identificación e valorización como o selo Galega 100%, que certifica que o leite foi producido, recollido e envasado en Galicia, contribúen a reforzar a confianza das persoas consumidoras e a diferenciar no mercado un produto asociado a estándares elevados de calidade, trazabilidade e proximidade.

Asinado o día 23/03/2026 ás
17:40
Por Miguel Ángel Viso DiéguezAsinado o día 23/03/2026 ás
17:39
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Con todo, na actualidade a actividade de miles de explotacións gandeiras galegas vense condicionada por períodos de inestabilidade dos prezos, de incremento dos custes de produción e de falta de equilibrio nas relacións comerciais entre produtores, industrias e grandes cadeas de distribución. De feito, nos últimos días tense alertado dun novo escenario de risco para o sector lácteo galego ante a renovación dos contratos do leite nun contexto caracterizado pola entrada de excedentes de leite doutros países da Unión Europea a prezos baixos e pola subida dos custes de produción.

Esta situación con toda lóxica, xera gran preocupación entre os produtores, que temen novas baixadas nos prezos percibidos polo leite nun momento no que moitas explotacións atopan dificultades para custos.

Neste contexto a Consellería do Medio Rural tomou a iniciativa e, da man do sector, anunciou a intención de reforzar os controis sobre os contratos e a trazabilidade do leite, así como solicitar a intervención doutras administracións, nomeadamente o Goberno de España, para garantir o cumprimento da lei da cadea alimentaria.

Non obstante, afrontar esta situación require concentrar novos esforzos por parte de todas as administracións, produtores e organizacións profesionais. O sector lácteo galego precisa medidas claras, contundentes e inmediatas que garantan prezos xustos, eviten prácticas abusivas e aseguren o futuro dun sector esencial para Galicia.

Sen gandeiros e gandeiras non hai rural, e sen rural non hai Galicia.

Por iso, resulta imprescindible apoiar os esforzo que a Xunta de Galicia exerce liderando unha defensa activa do sector produtor fronte ás industrias e ás cadeas de distribución, garantindo que a Lei da Cadea Alimentaria se cumpra e que nunca se pague o leite por baixo dos custes de produción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir liderando o plan de apoio aos profesionais da produción de leite na nosa comunidade e, con este obxecto, seguir impulsando medidas de apoio dirixidas a:

1º.- Reforzar de forma inmediata os controis sobre os contratos lácteos, garantindo que se cumpra estritamente a Lei da Cadea Alimentaria e que os prezos pagados aos produtores cubran, como mínimo, os custes de produción.





2º.- Intensificar as inspeccións sobre a trazabilidade e a etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos, co fin de evitar fraudes ou prácticas que poidan inducir a erro ás persoas consumidoras sobre a orixe do produto.

3º.- Exercer unha defensa firme do sector lácteo galego, promovendo reunións periódicas cos produtores, as industrias e coa distribución para garantir unhas relacións comerciais equilibradas e a cobertura dos custos de produción a todos os elos da cadea.

4º.- Promover diante do Goberno de España e das institucións europeas medidas para evitar a competencia desleal derivada da entrada de excedentes lácteos doutros países da Unión Europea que poidan prexudicar ao sector galego.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 23/03/2026 17:39:30
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 23/03/2026 17:40:10
Enrique Barreiro Sánchez na data 23/03/2026 17:40:35
María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2026 17:41:11
José Mato Díaz na data 23/03/2026 17:42:08
Cristina Campero Dorado na data 23/03/2026 17:42:45
Juan Manuel Casares Gándara na data 23/03/2026 17:43:15
Nicole Grueira Fernández na data 23/03/2026 17:43:58
Ángel Rodríguez Conde na data 23/03/2026 17:44:27
Cecilia Vázquez Suárez na data 23/03/2026 17:45:02
Rubén Lorenzo Gómez na data 23/03/2026 17:45:44
Cristina Sanz Arias na data 23/03/2026 17:46:27
María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/03/2026 17:47:25
Moisés Rodríguez Pérez na data 23/03/2026 17:48:08
Borja Vereja Fraiz na data 23/03/2026 17:48:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/03/2026 17:49:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2026 17:49:26
Nº Rexistro: 53840
Data envío: 23/03/2026 17:49:26.320

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O 12 de marzo do 2026, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a 30 decembro 2025.

Que nos sitúan en 83.733 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, na área sanitaria de Vigo. O que supón 7.697 persoas máis en espera que en xuño do mesmo ano.

Corresponderíanse con: 33.232 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 38.918 pendentes dunha consulta e 8.991 pendentes dunha cirurxía máis 2.411 de Ribera-Povisa.

É triste, pero segue aumentando o número de persoas en listas de espera, en calquera das tres clasificacións que fai a Consellaría. Pero tamén se incrementan os días de espera.

E no caso das cirurxías con prioridade 1 é moi preocupante, dado que alcanzan os 27,2 días cando no semestre anterior estaban en 19, sendo o peor dato de Galicia.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



E as enquisas e os barómetros sitúan as listas de espera, como un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, e acaban converténdose nun dos grandes problemas que ten a sanidade.

E con isto estamos a referirnos á accesibilidade e non á calidade que a consideramos garantida cando se accede, pero o problema é acceder.

Por estes motivos, queremos propoñer a seguinte resolución:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a poñer en marcha mecanismos e instrumentos concretos dirixidos a rebaixar o tempo de espera nas consultas, nas probas diagnósticas e nas cirurxías da Área Sanitaria de Vigo e marcándose un obxectivo medible.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2026 15:13:04

Carlos López Font na data 13/03/2026 15:13:15

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2026 15:13:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/03/2026 15:13:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53430
Data envío: 13/03/2026 15:16:09.995

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 15:16:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53430
Data envío: 13/03/2026 15:16:09.995

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia foi historicamente unha das comunidades autónomas con maior peso das enerxías renovables no seu mix eléctrico, especialmente grazas á produción eólica e hidráulica. Porén, nos últimos anos estase producindo unha evolución preocupante que evidencia os problemas estruturais do modelo enerxético galego.

Asinado o día 13/03/2026 ás
17:29
Por Lara Méndez López

Segundo os datos do Informe do sistema eléctrico español, a produción de electricidade procedente de fontes renovables en Galicia reduciu o seu peso no mix eléctrico ata o 81,8 % en 2025, fronte ao 84,6 % rexistrado en 2024, evidenciando unha caída significativa da produción verde.

Esta caída prodúcese nun contexto no que Galicia chegou a ser a terceira comunidade autónoma con maior descenso da xeración renovable no último ano, o que contrasta co avance das renovables no conxunto do Estado.

Asinado o día 13/03/2026 ás
17:29
Por Patricia Iglesias Rey

Un dos factores que explican esta situación é o bloqueo xudicial do desenvolvemento eólico en Galicia, con preto de cen parques eólicos suspendidos cautelarmente polos tribunais debido a recursos relacionados coa avaliación ambiental, a fragmentación de proxectos ou a insuficiente análise dos impactos acumulativos das instalacións.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](#)



As propias resolucións xudiciais evidencian problemas na tramitación administrativa de determinados proxectos, como a falta dunha avaliación ambiental adecuada ou a necesidade de analizar conxuntamente infraestruturas asociadas como liñas de evacuación eléctrica.

Esta situación é consecuencia directa dun modelo de desenvolvemento eólico marca-do pola falta de planificación territorial, a ausencia de participación temperá e a improvisación normativa, tras máis de 17 anos de gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

O resultado é un escenario de inseguridade xurídica, bloqueo de investimentos e perda de oportunidades para avanzar na transición enerxética.

Mentres outras comunidades autónomas e o propio Estado están acelerando a implantación de renovables con planificación e estratexias claras, Galicia enfróntase a un auténtico atasco administrativo e xudicial no sector eólico, que está a frear o crecemento das enerxías limpas e a reducir o peso das renovables no sistema eléctrico galego.

Ademais, esta situación compromete tamén a capacidade de Galicia para contribuír aos obxectivos de descarbonización e transición enerxética establecidos pola Unión Europea e polo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima.

Resulta necesario, polo tanto, que o Goberno galego adopte medidas urxentes para recuperar a seguridade xurídica, ordenar o desenvolvemento eólico e garantir que a transición enerxética se realice con planificación, participación social e beneficios reais para os territorios.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer mecanismos de participación temperá dos territorios afectados, incluíndo concellos, comunidades de montes e veciñanza, nos procesos de planificación e implantación de novos proxectos renovables.
2. Posta en marcha unha sociedade 100 % pública encargada de xestionar as enerxías renovables de Galicia coa finalidade de xerar beneficios para todos os galegos e galegas, aberta ó colaboración co sector privado, defendendo que os recursos naturais sexan aproveitados en favor do desenvolvemento industrial do noso país, para crear emprego e dinamizar sectores produtivos.
3. Reformular o modelo de distribución territorial do canon eólico, de maneira que a repotenciación non reduza a capacidade financeira dos concellos afecta-dos e se garanta unha compensación proporcional ao impacto ambiental e territorial real. Actualizar o Fondo de Compensación Ambiental para adaptalo á no-va realidade dos parques repotenciados, establecendo mecanismos que aseguren a estabilidade dos ingresos municipais e a continuidade dos proxectos financia-dos con cargo a este fondo.
4. Presentar no Parlamento de Galicia un informe detallado sobre a situación actual dos proxectos eólicos suspendidos xudicialmente, incluíndo as causas das suspensións e as medidas previstas para resolver esta situación.

Santiago de Compostela, 13 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/03/2026 17:29:03

Lara Méndez López na data 13/03/2026 17:29:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/03/2026 17:29:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 17:30:15
Nº Rexistro: 53435
Data envío: 13/03/2026 17:30:15.200

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 17:30:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 17:30:15
Nº Rexistro: 53435
Data envío: 13/03/2026 17:30:15.200

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 12 de marzo do 2026, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a 30 decembro 2025.

Que nos sitúan en 27,617 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, na área sanitaria de Vigo. O que supón 3.752 persoas mais en espera que en xuño do mesmo ano.

Corresponderíanse con: 8.411 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 15.921 pendentes dunha consulta e 3.285 pendentes dunha cirurxía.

É non só segue aumentando o número de persoas en listas de espera, sino que tamén se incrementan os días de espera. No caso das consultas son ademais case 20 días máis de espera.

E as enquisas e os barómetros sitúan as listas de espera, como un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios.



E acaban converténdose nunha dos grandes problemas que ten a sanidade.

E con isto nos estamos referindo a accesibilidade e non a calidade que considerámola garantida cando se accede, pero o problema é acceder.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha mecanismos e instrumentos concretos que leve a rebaixar o tempo de espera nas consultas, nas probas diagnósticas e nas cirurxías na área sanitaria de Ferrol e marcándose un obxectivo medible.

Santiago de Compostela, 13 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 13/03/2026 17:50:45

Elena Espinosa Mangana na data 13/03/2026 17:50:52

Silvia Longueira Castro na data 13/03/2026 17:50:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/03/2026 17:51:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 17:52:21
Nº Rexistro: 53441
Data envío: 13/03/2026 17:52:21.968

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/03/2026 17:52:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2026 17:52:21
Nº Rexistro: 53441
Data envío: 13/03/2026 17:52:21.968

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/03/2026 ás 09:11
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á inclusión de medidas de recuperación do polbo no Plan experimental para a súa xestión na campaña 2026-27.

Asinado o día 16/03/2026 ás 09:11
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como tantas outras especies noutroira referencias indiscutíbeis da riqueza e diversidade, e mesmo iconas, da rías galegas, o polbo veu vindo a menos nos últimos anos por mor de múltiples factores nos que sen dúbida se atopa a falta de accións decididas e firmes por parte da Consellaría de Mar para preservalo e potencialo e para tratar de evitar a perda de postos de traballo continuada que é consecuencia directa da súa escaseza e de medidas para a súa recuperación.

Despois de que durante anos unha parte importante do sector reclamase, precisamente para tratar de contribuír á mellora do recurso, unha ampliación do período de veda e despois de que no Parlamento galego se aprobasen unanimemente iniciativas deste Grupo parlamentar en distintas ocasións nese sentido, por fin o sector puido acceder, na actual campaña a piques xa de rematar, a un mes de parada temporal (abril/2025) a maiores do paro biolóxico de 2 meses (maio e xuño do 2025).

Asinado o día 16/03/2026 ás 09:11
Por Rosana Pérez Fernández

Tratábase dunha medida para ampliar a protección no principal período reprodutivo da especie e de evitar comprometer os resultados da campaña en curso e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo das seguintes, que tivo o resultado agardado cando menos nos primeiros meses aínda que o cómputo anual de 2025 apenas superou o do ano anterior.

Era pois de agardar que o Plan para a xestión do polbo 2026-27 tivese en conta os beneficios do total de tres meses de descanso no 2025 e continuase contemplando as mesmas e outras medidas na liña de favorecer a súa recuperación.

Mais parece que a Consellaría vai descartar este ano o mes de parada temporal que subvencionou con fondos FEMPA o pasado, amparándose en “informes técnicos” que descoñecemos se avaliaron xa e tiveron en conta os posíbeis efectos dos sucesivos temporais deste inverno na especie.

Tampouco parece que se vaian atender as propostas da Federación de Confrarías maioritaria, a da provincia da Coruña, partidaria de pechar de novo tres meses a pesqueira do polbo e moito menos os acordos parlamentares unánimes ao respecto que, ademais de incidir en realizar investigacións que permitan determinar as causas da súa escaseza nas rías galegas, instan ao Goberno galego a tomar medidas de cobertura económica que permitan establecer paralizacións temporais para a recuperación do recurso e para evitar a perda de postos de traballo e o incremento da presión noutras pesqueiras.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a atender, de cara á aprobación do Plan experimental para a xestión do polbo para a campaña 2026-27, as propostas de boa parte do sector dedicado á pesqueira dese recurso en Galiza e a dar cumprimento aos acordos parlamentares unánimes respecto das medidas a tomar para a súa recuperación, nomeadamente:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A realización e conclusión das investigación para determinar as causas da escaseza de polbo nas rías galegas.

. A ampliación do habitual período de dous meses de veda a un mes máis de parada temporal cofinanciada con fondos FEMPA, co obxectivo de contribuír á súa progresiva recuperación, de evitar a perda de postos de traballo e de previr o aumento de presión nas pesqueiras doutras especies”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2026 9:11:18
Carmela González Iglesias na data 16/03/2026 9:11:38
Daniel Castro García na data 16/03/2026 9:11:52
Óscar Insua Lema na data 16/03/2026 9:12:38
Paulo Ríos Santomé na data 16/03/2026 9:12:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53448
Data envío: 16/03/2026 09:16:13.965

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 9:16:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53448
Data envío: 16/03/2026 09:16:13.965

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/03/2026 ás 09:25
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a falta de acordo entre a CE e o Reino Unido, Noruega, Islandia e as Illas Feroe sobre o reparto de TAC de xarda para 2026.

Asinado o día 16/03/2026 ás 09:25
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O negativo acordo do 12 de decembro no que a Comisión Europea concluíu as negociacións sobre os Totais Admisíbeis de Capturas (TAC) e cotas de pesca para este ano 2026 significou elevados recortes en especies de grande interese para a frota galega, como a xarda. O recorte neste caso foi do 70% no Atlántico nordeste e levouse a cabo máis unha vez sen contar con informes de impacto socioeconómico nas comarcas costeiras afectadas.

Sumábase a este brutal tesoirazo o acordo entre Noruega, Reino Unido, as Illas Feroe e Islandia para o reparto da xarda á marxe da UE. Algo totalmente prexudicial, que incluso levou ao ministro de Pesca do Goberno español a anunciar que o Estado demandaría á Comisión Europea a adopción de medidas pola redución das posibilidades de pesca.

O mesmo Ministerio recoñecía, en resposta escrita do pasado 23 de febreiro ao BNG no Congreso, “un notábel desequilibrio entre o esforzo esixido á frota da UE e o asumido por extracomunitarios” e sinalaba que o Estado español tiña manifestado ante o Consello e ante a Comisión Europea que “era inaceptábel a posición adoptada por

Asinado o día 16/03/2026 ás 09:24
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terceiros países, comprometendo a sustentabilidade do recurso e a viabilidade económica das nosas frotas”. E mesmo se comprometía a “esixir á CE unha actuación máis firme ante os incumprimentos detectados, incluíndo a avaliación de medidas comerciais e diplomáticas que garantan condicións equitativas de explotación do recurso”.

Mais, lonxe de manter unha posición firme, a CE vén de claudicar após da xuntanza mantida en Copenhague a primeiros deste mes cos Estados que se distribuíron a xarda entre eles (Noruega, Reino Unido, Islandia e Illas Feroe). E publicou un comunicado no que se limita a “lamentar que non se puidera ter avanzado...” e que “a UE abordou as negociación co fin de facilitar un acordo, mostrando apertura” e aposta polo diálogo para alcanzar “un reparto integral da xarda e garantir a xestión sustentábel desta pesquería en crise”, subliñando que nos últimos cinco anos “defendeu a sustentabilidade e a xestión responsábel da poboación da xarda” en base ao asesoramento do ICES (Consello Internacional para a Explotación do Mar)”.

Esta é toda a conclusión da Comisión Europea: “unha oportunidade perdida”, mentres aplica de forma abrasiva o Regulamento de Control da Pesca, outra lousa para a pesca galega, e obriga a adoptar medidas de recuperación da poboación que supón asumir o recorte do 70% da xarda, tal e como se aprobou no Consello de Ministros de Pesca de decembro pasado. Pola súa banda, Reino Unido, Noruega, Illas Feroe e Islandia aplícanse o 48% de rebaixa na cota de xarda.

Unha situación de todo surrealista na que os sectores pesqueiros da UE, como o galego, deben tragar co recorte do 70% na pesca da xarda mentres os sectores pesqueiros de catro Estados rebaixan as cotas nun 48%. Se o propósito é recuperar a biomasa da especie, está claro que esta non é a mellor fórmula. É unha discriminación para a nosa frota que se ve desprotexida e abandonada por unha UE ineficaz e inútil,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que nin sequera é quen de aplicar medidas contundentes no plano comercial como o feche do mercado aos catro países por se ter autoasignado cota.

Diante da decisión do pasado decembro, aínda estamos a agardar por axudas e medidas de compensación polo impacto socio económico na pesca galega, que nin o Goberno español nin o galego puxeron en marcha para un sector fondamente preocupado agora tamén pola enorme suba dos carburantes motivada pola guerra imperialista de EE.UU e Israel no Oriente Medio.

Medran os problemas nun sector altamente castigado por unha UE cuxo único obxectivo en pesca parece ser a desaparición e o abandono da actividade en favor de terceiros países e que é incapaz de xestionar sequera algunha medida de sanción aos que pactaron o reparto da xarda pola súa conta, poñendo en serio risco a viabilidade do recurso e, por enriba, exportando máis ca nunca ese produto ao noso país.

E non só a CE leva anos deixando facer, sen ningún tipo de consecuencia. O Estado español e o Goberno galego tampouco son quen de ir máis alá de enunciar a súa preocupación e de laiarse, a posteriori, de decisións nas que os seus propios grupos políticos participan, sen vetar esas decisións e saltándose sen escrúpulos a sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, do 11 de xaneiro do 2024, que recoñece de xeito patente a importancia de atender as cuestión sociais e económicas, e non só as medioambientais, á hora da fixación das cotas nas distintas especies, porque o contrario podería contribuír á paralización da frota.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Esixir do Goberno español e da UE

. Medidas para impedir a entrada no mercado europeo de xarda procedente dos países que se asignan cotas desa especie unilateralmente.

. O cumprimento da sentenza ditada polo Tribunal de Xustiza da UE no mes de xaneiro do 2024.

. Medidas inmediatas de cobertura económica para a frota que se vexa afectada pola redución de cotas de xarda.

2.- Elaborar o seu propio plan de axudas económicas para a frota galega prexudicada polas decisións tomadas na UE o pasado 12 de decembro sobre TAC e cotas.

3.- Instar o Goberno do Estado e á Unión Europea a levar a cabo unha profunda reforma da PPC que evite que continúe a desaparición da frota galega comezada hai anos e o incremento de importacións cada vez maiores de produtos do mar pescados por terceiros países.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2026 9:24:46

Carmela González Iglesias na data 16/03/2026 9:25:00

Daniel Castro García na data 16/03/2026 9:25:15

Óscar Insua Lema na data 16/03/2026 9:25:25

Paulo Ríos Santomé na data 16/03/2026 9:25:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53452
Data envío: 16/03/2026 09:28:38,848

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 9:28:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53452
Data envío: 16/03/2026 09:28:38,848

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao impacto da guerra imperialista dos Estados Unidos na economía galega e nas previsións orzamentarias e de crecemento do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A inestabilidade xeopolítica, se ben é unha constante no último lustro, está a experimentar nos últimos meses un paso máis co ataque militar perpetrado a finais de febreiro de 2026 polos Estados Unidos e Israel contra Irán. É preciso lembrar que este novo acto de agresión imperialista pon en risco a vida da poboación civil e a estabilidade de todo Oriente Medio, ademais de supoñer unha nova vulneración da soberanía dos Pobos, do dereito internacional e da Carta das Nacións Unidas xustificada nos dereitos humanos cando a realidade é a pugna polo control dos enormes recursos enerxéticos da zona e o seu control xeoestratéxico.

Entre as consecuencias da guerra, máis alá das consecuencias humanitarias, cómpre sinalar as do ámbito económico, con consecuencias ao longo de todo o mundo, tamén no noso país, da mesma maneira que vimos recentemente coa guerra de Ucraína. Neses momentos xa se constata a preocupación pola suba dos custos enerxéticos, singularmente dos combustibles e do gas, e pola situación derivada do bloqueo do estreito de Ormuz, un dos pasos marítimos máis estratéxicos do planeta e que impacta no incremento dos custos loxísticos e de transporte. Este impacto, agravado en función da prolongación da guerra, non se limita ao transporte de combustibles senón tamén a



materias primas e exportacións de bens industriais. Esta situación prevé un aumento de prezos máis alá dos bens enerxéticos e pode comprometer tamén exportacións galegas, tal e como advertiron distintos sectores ou o propio Foro Económico de Galiza. Segundo o IGE, no pasado exercicio económico, Galiza exportou máis de 390 millóns de euros, concentrados no téxtil, na automoción e na alimentación e importou 213, cun aumento desde a pandemia.

Pasados máis de quince días do inicio desta nova fase histórica constátase a falta de medidas e de reacción do goberno galego, que non activou recursos de seguimento nin avanzou medidas económicas e sociais ao respecto. Así mesmo, faltan medidas desde o ámbito estatal, onde o BNG xa reclamou o establecemento dun sistema que limite o prezo máximo dos alimentos e das subministracións básicas, co obxectivo de garantir o sostemento das economías das familias e das pequenas e medianas empresas, así como plans específicos por sectores, o levantamento das restricións fiscais, a compensación salarial ou o levantamento de peaxes.

O goberno galego debe reaccionar ante este contexto empregando o autogoberno galego, activando todos os seus mecanismos de análise e impulsando propostas concretas que atendan a situación nos sectores económicos e no impacto social que isto teña nas maiorías sociais e nos colectivos máis vulnerables, reconducindo na medida do necesario o orzamento previsto para 2026 e as previsións macroeconómicas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar e remitir ao Parlamento Galego un informe sobre a afectación á economía galega e ao orzamento público galego da situación derivada da guerra





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 12:10:48
Nº Rexistro: 53465
Data envío: 16/03/2026 12:10:48,312

imperialista no Irán así como unha proposta de revisión das previsións macroeconómicas e de modificacións e medidas orzamentarias a tomar garantindo que non se van afectar os servizos públicos esenciais.

2. Monitorizar desde o Instituto Galego do Consumo e da Competencia a suba de prezos nos produtos básicos da cesta da compra, ámbito enerxético e outros ámbitos sensíbles de cara a defender as e os consumidores galegos.

3. Aumentar as posibilidades de fraccionamento e aprazamento de cargas impositivas desde a ATRIGA aos sectores económicos máis afectados e aos colectivos sociais vulnerables economicamente”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2026 12:09:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/03/2026 12:09:19

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2026 12:09:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 12:10:48
Nº Rexistro: 53465
Data envío: 16/03/2026 12:10:48,312

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 12:10:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 12:10:48
Nº Rexistro: 53465
Data envío: 16/03/2026 12:10:48,312

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Recentemente, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a xuño 2024.

E con estes datos na man, ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente en determinadas especialidades na área sanitaria de Santiago-Barbanza e onde se incrementan os días de espera de consultas e de cirurxía en moitas especialidades dende decembro do 23 a xuño do 24.

Pero é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, antes pedía dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde dos pacientes”. E agora o achaca, entre outras cousas o aumento da demanda e a lonxevidade.

Ninguén dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, manteñen a calidade a pesar das deficiencias organizativas.



Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes: malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades e unha infinidade.

Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte dos pacientes e familiares.

E converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan os usuarios da sanidade pública.

E os datos das listas de espera, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda nas consultas na área sanitaria de Santiago-Barbanza.
2. Poñer en marcha un plan que leve a rebaixar o tempo de agarda para cirurxía na área sanitaria de Santiago-Barbanza.

Santiago de Compostela, 16 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 16/03/2026 13:08:15

Patricia Iglesias Rey na data 16/03/2026 13:08:22

Elena Espinosa Mangana na data 16/03/2026 13:08:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/03/2026 13:08:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:13:00
Nº Rexistro: 53469
Data envío: 16/03/2026 13:13:00,991

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 13:13:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:13:00
Nº Rexistro: 53469
Data envío: 16/03/2026 13:13:00,991

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as condicións das casas niño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As casas niño son unha ferramenta de conciliación espallada polo territorio galego, con especial presenza nas zonas máis rurais, con 104 centros na relación de 2025. Malia ser un servizo de atención moi sensible, xa que está pensado para crianzas de 0-3 anos de idade, a realidade é que as profesionais, maioritariamente mulleres que desenvolven o seu traballo nestas casas niño, sofren unhas condicións laborais de absoluta precariedade fomentada pola Consellería de Política Social.

A prestación da atención debe estenderse durante 11 meses do ano, exceptuando festivos e o 24 e o 31 de decembro, segundo consta na norma que rexe o propio programa. O horario das casas niño será flexible e de como máximo de 8 horas diarias, pactado entre as familias e a titular, ao igual que no caso dos períodos vacacionais, sendo preciso que exista unha persoa substitúa en caso de enfermidade ou calquera outro motivo de ausencia temporal á esta, excepto en causas imprevistas e inevitables. No caso das baixas por incapacidade ou das ausencias, serán cubertas por persoal que a propia titular busque, coa complicación que este feito xera, especialmente cando se trata de días soltos ou períodos de curta duración.

A subvención percibida por esta atención a, como máximo, 5 crianzas en cada un destes recursos son 29.000 euros no caso do mantemento do proxecto, podendo

Asinado o día 16/03/2026 ás
13:27
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 16/03/2026 ás
13:27
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceder a unha subvención para a reposición de equipamento, material didáctico ou de xogo de 1500 euros en cada casa niño que cumpra coas condicións. Con esa contía total, que no caso das titulares que leven menos tempo é menor, deben facerlle fronte aos gastos da prestación do servizo, cuxas condicións marca absolutamente na súa totalidade a Xunta de Galiza, que no caso das traballadoras teñen como única administración pagadora.

As titulares percíbense a si mesmas como “falsas autónomas” cun horario, unha contía económica percibida e uns criterios de prestación do servizo e de atención, ao igual que de admisión dos nenos e nenas nos que non inflúen en absoluto. O malestar laboral que sofren xa foi posto en coñecemento de xeito reiterado na Dirección Xeral de Infancia e Familia, sen que os avances acadados, de pouco calado, redunden nunhas mellores condicións de traballo destas mulleres, que non teñen doado subsistir con esa subvención e que nalgúns casos desenvolven outro traballo a maiores para poder ter os ingresos necesarios para cubrir unhas condicións dignas de vida.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo un estudo sobre os custos da prestación do servizo das casas niño, para valorar de xeito oficial e serio a retribución que se lle achega ás titulares anualmente, asegurando que as contías se aumentarán como as propias traballadoras solicitan.
2. Proceder ao pago das axudas para a continuidade das casas niño na primeira semana de xaneiro de cada ano, achegando contías equitativas a todas as titulares, leven





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o tempo que leven prestando o servizo, facendo pública a resolución antes de finais do ano vixente.

3. Asegurar por parte da Xunta de Galiza a cobertura dos gastos derivados da contratación eventual de persoal no caso das substitucións por incapacidades temporais, asegurando a viabilidade dos proxectos nestes casos.

4. Establecer unha normativa clara que informe na propia orde de axudas das casas niño o caso das subvencións para a reposición de material, ao igual que para o caso das situacións imprevisibles e inevitables que se poidan dar impedindo a asistencia das titulares ao seu posto de traballo que evite confusións por desinformación.

5. Proceder a establecer días de asuntos propios para estas traballadoras, que lles permitan ausentarse por motivos persoais non derivados de situacións imprevisibles ou inevitables.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 16/03/2026 13:27:46

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2026 13:27:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:29:31
Nº Rexistro: 53476
Data envío: 16/03/2026 13:29:31.827

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 13:29:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:29:31
Nº Rexistro: 53476
Data envío: 16/03/2026 13:29:31.827

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas do protocolo Lingua Vital e como debe actuar o goberno en relación con elas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado sábado 14 de marzo, a Plataforma Queremos Galego presentou un protocolo de medidas para dar resposta á situación de emerxencia lingüística, como resultado dun proceso participativo no que os representantes das entidades levan meses a traballar. O protocolo foi elaborado por 57 entidades, e conta co apoio de case 396.

Este traballo distribúese en 8 áreas de traballo: dereitos lingüísticos, antroponimia, toponimia e lingua de calidade, servizos públicos, ensino, ámbito socioeconómico, medios de comunicación, cultura e novas tecnoloxías, cultura e proxección exterior e lusofonía. Estas medidas teñen o obxectivo de serviren para actualizar e complementar o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego, e supoñen unha ferramenta moi completa e útil para a acción do goberno, xa que moitas delas afectan competencias directas da Xunta de Galiza, ou son propostas nas que pode traballar o goberno de xeito directo para tentar incidir socialmente a favor do futuro da lingua galega.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:51:09
Nº Rexistro: 53484
Data envío: 16/03/2026 13:51:09.146

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Comprometerse a aplicar as medidas propostas no Protocolo Lingua Vital, da Plataforma Queremos Galego, elaborado por representantes de 57 colectivos e que conta co apoio de case 400 entidades de todo o país.

2. Establecer un calendario de aplicación do Protocolo Lingua Vital para os próximos dous anos, tanto no que se refire ás medidas que afectan a competencias directas do goberno galego como para as medidas nas que a Xunta de Galiza pode actuar para incidir socialmente a favor do futuro da lingua galega”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 16/03/2026 13:49:07

Mercedes Queixas Zas na data 16/03/2026 13:49:14

Daniel Castro García na data 16/03/2026 13:49:21

Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2026 13:49:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:51:09
Nº Rexistro: 53484
Data envío: 16/03/2026 13:51:09.146

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 13:51:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 13:51:09
Nº Rexistro: 53484
Data envío: 16/03/2026 13:51:09.146

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o seguimento do cumprimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega foi aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en setembro de 2004. A pesar de que xa pasaron case 22 anos desde a súa aprobación, o cumprimento e execución das máis de 400 medidas que inclúe é moi limitado.

En 2006, creouse unha comisión de seguimento e impulso Plan Xeral, cuxo traballo non se coñece. Os obxectivos xerais do Plan son:

- Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.



- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Os datos de uso da lingua galega, ademais da mera observación da presenza e da situación da lingua galega na nosa sociedade, deixan claro que existe unha importante marxe de mellora no traballo da administración pública en relación con eses obxectivos.

Algunhas das 445 medidas ficaron concretas desactualizadas, mais o certo é que a meirande parte delas está perfectamente vixente e, a pesar disto, o goberno galego non está a traballar na súa posta en marcha. Os traballos para unha posíbel actualización do PXNL non deberían ser obstáculo para a aplicación decidida do Plan actual.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Presentar un informe de cumprimento do Plan Xeral da Lingua Galega, nomeadamente nos últimos dous anos.
2. Establecer un calendario de aplicación do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega para o próximo ano”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 16/03/2026 16:32:55

Mercedes Queixas Zas na data 16/03/2026 16:33:01

Daniel Castro García na data 16/03/2026 16:33:07

Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2026 16:33:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:35:39
Nº Rexistro: 53500
Data envío: 16/03/2026 16:35:39.259

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 16:35:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:35:39
Nº Rexistro: 53500
Data envío: 16/03/2026 16:35:39.259

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O 12 de marzo de 2026, coñecemos o informe correspondente aos datos das listaxes de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes ao 30 decembro 2025.

Que nos sitúan en 378.749 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, incluíndo a Povisa. (375.970 sen Povisa). (Indicamos Povisa porque é como figura nas citadas listaxes e non coa nova denominación). O que nos sitúa en 18.299 persoas máis en espera que en xuño do mesmo ano.

Corresponderíanse con: 123.947 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 205.248 pendentes dunha consulta e 49.554 pendentes dunha cirurxía.(ou 46.775 sen Povisa)

É triste, pero segue aumentando o número de persoas en listas de espera, en calquera das tres clasificacións que fai a Consellaría. Pero tamén se incrementan os días de espera.



E no caso das cirurxías con prioridade 1 é moi preocupante, dado que tamén aumentan os días de espera que estaban en 18,3 no semestre anterior e chegan a 20,7.

As enquisas e os barómetros sitúan as listaxes de espera, como un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios, e acaban converténdose nunha dos grandes problemas que ten a sanidade. Con isto estámonos a referir á accesibilidade e non á calidade que a consideramos garantida cando se accede, pero o problema é acceder.

Por estes motivos, queremos propoñer a adopción da seguinte resolución:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha mecanismos e instrumentos concretos que leven a rebaixar o tempo de espera nas consultas, nas probas diagnósticas e nas cirurxías e marcándose un obxectivo medible.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 16/03/2026 16:46:50

Silvia Longueira Castro na data 16/03/2026 16:46:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/03/2026 16:47:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:49:03
Nº Rexistro: 53506
Data envío: 16/03/2026 16:49:03,213

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 16:49:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 16:49:03
Nº Rexistro: 53506
Data envío: 16/03/2026 16:49:03,213

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Exposición de motivos

O 12 de marzo do 2026, coñecemos o informe correspondente aos datos das listas de espera por especialidades e áreas sanitarias, referentes a 30 decembro 2025.

Que nos sitúan en 40.030 persoas esperando unha proba diagnóstica, unha consulta especializada ou unha cirurxía, na área sanitaria de Ourense. Máis persoas que en xuño do mesmo ano.

Corresponderíanse con: 10.387 persoas pendentes dunha proba diagnóstica, 24.209 pendentes dunha consulta e 5.434 pendentes dunha cirurxía.

É triste, pero segue aumentando o número de persoas en listas de espera, en calquera das tres clasificacións que fai a Consellería.

As enquisas e os barómetros sitúan as listas de espera, como un dos temas que máis preocupan aos galegos e ás galegas porque distan moito de ser satisfactorios,

E acaban converténdose nunha dos grandes problemas que ten a sanidade.



E con isto estamos a referirnos á accesibilidade e non á calidade que a consideramos garantida cando se accede, pero o problema é acceder.

Por estes motivos, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha mecanismos e instrumentos concretos que leven a rebaixar o tempo de espera nas consultas, nas probas diagnósticas e nas cirurxías na Área Sanitaria de Ourense e marcándose un obxectivo medible.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/03/2026 16:57:41

Elena Espinosa Mangana na data 16/03/2026 16:57:49

Silvia Longueira Castro na data 16/03/2026 16:57:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/03/2026 16:58:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 17:03:01
Nº Rexistro: 53523
Data envío: 16/03/2026 17:03:01.591

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 17:03:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 17:03:01
Nº Rexistro: 53523
Data envío: 16/03/2026 17:03:01.591

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O sector pesqueiro constitúe un dos piares históricos, económicos e sociais de Galicia, sendo un motor esencial de emprego e moito máis considerando a ampla cadea de valor que conforma.

Con todo, os temporais que veñen padecendo desde principios de ano está a limitar de maneira moi drástica o número días para saír a faenar y e o temor é que estas situacións se produzan con maior asiduidade, debido ao cambio climático.

Segundo as confrarías de pescadores, as perdas por inactividade pesqueira son altísimas, chegando a alcanzar o 80 %.

A normativa actual da Xunta regula os descansos semanais para a pesca profesional, impide traballar as fins de semana.

Esta situación require adoptar medidas excepcionais e transitorias, pero tamén cambios normativos.

As confrarías veñen, desde hai moitos anos, reclamando medidas de flexibilidade cando se produzan estas situacións de temporais e regulando a posibilidade de faenar as fins de semana para compensar as perdas que as condicións climatolóxicas impoñen.



A Xunta vén negando estas peticións e móstrase inflexible á hora de abrir un diálogo co sector para a adopción destas medidas.

Resulta certamente incomprensible esta cerrazón, cando a normativa europea non impide adoptar medidas excepcionais en comunidades autónomas no noso país, regularon a adopción de medidas excepcionais, nas situacións descritas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Abrir un espazo de diálogo co sector para activar axudas excepcionais cando se produzan fenómenos climatolóxicos adversos que impidan á frota que opere en augas que sexan competencia da Comunidade Autónoma galega.
2. Modificar o Decreto 11/2011, do 28 de xaneiro, no seu artigo 8 que establece o período de actividade e o descanso semanal, engadindo un apartado que regule “cambios de descanso semanal” que se poderán autorizar sempre que concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas que o motiven.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 16/03/2026 17:42:34

Paloma Castro Rey na data 16/03/2026 17:42:44

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/03/2026 17:42:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 17:43:10
Nº Rexistro: 53528
Data envío: 16/03/2026 17:43:10.523

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 17:43:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 17:43:10
Nº Rexistro: 53528
Data envío: 16/03/2026 17:43:10.523

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos tempos nos que nos atopamos, onde dende determinados sectores da dereita e ultradereita se cuestionan liberdades básicas, o Parlamento de Galicia ten que reafirmar o seu compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes como principio esencial da democracia e como condición imprescindible para garantir a liberdade e a dignidade das mulleres.

A historia das sociedades contemporáneas amosa que a desigualdade entre mulleres e homes non é un fenómeno natural nin accidental, senón o resultado dun sistema histórico de dominación que o pensamento feminista definiu como patriarcado, no que as mulleres foron situadas nunha posición de subordinación social, económica, política e simbólica.

O feminismo, e particularmente o feminismo radical, ten denunciado que esta estrutura de poder se manifesta a través de múltiples mecanismos de control sobre a vida das mulleres: o control da súa sexualidade, da súa capacidade reprodutiva, da súa autonomía económica e tamén da súa presenza e visibilidade no espazo público.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Desde esta perspectiva, determinadas prácticas culturais ou relixiosas poden funcionar como instrumentos de segregación sexual e de control do corpo das mulleres, limitando a súa liberdade e a súa participación plena na sociedade.

Entre estas prácticas atópase o uso do veo integral —como o burka ou o niqab— que cobre completamente o rostro das mulleres e as invisibiliza no espazo público. Numerosas pensadoras e activistas feministas teñen sinalado que esta práctica constitúe unha expresión extrema da desigualdade entre mulleres e homes, ao establecer unha separación simbólica e material entre os sexos e ao reducir a presenza pública das mulleres.

Desde unha perspectiva feminista baseada na igualdade e nos dereitos humanos, ningunha tradición, costume ou práctica cultural pode xustificar a subordinación das mulleres nin a súa segregación social.

Ao mesmo tempo, a defensa da igualdade das mulleres non pode ser utilizada para alimentar discursos de exclusión nin para estigmatizar persoas por razón da súa orixe ou cultura.

A loita feminista pola liberdade das mulleres é universal e debe basearse sempre na defensa dos dereitos humanos. No caso de Galicia, ademais, resulta evidente que o uso do veo integral non forma parte da realidade social das nosas cidades e vilas, polo que a súa utilización como eixo do debate político supón desviar a atención dos problemas reais que afectan ás mulleres galegas.

Mentres tanto, persisten desigualdades estruturais que afectan ás mulleres en Galicia: a fenda salarial, a precariedade laboral feminizada, a desigual distribución dos coidados, as dificultades para a conciliación e a persistencia das violencias machistas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

1. O Parlamento de Galicia adopta os seguintes acordos:

a) Reafirmar o compromiso do Parlamento de Galicia coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e coa erradicación de todas as formas de subordinación e discriminación das mulleres.

b) Manifestar unha posición crítica e de rexeitamento ao uso do veo integral, na medida en que representa unha práctica que é incompatible cos principios de igualdade entre mulleres e homes e coa plena participación das mulleres na vida social, reafirmando ao mesmo tempo a defensa da liberdade, da dignidade e da autonomía persoal das mulleres.

c) Defender que ningunha tradición, costume ou práctica cultural pode xustificar a subordinación das mulleres nin a súa segregación social.

d) Rexeitar a utilización partidista deste debate cando non responde á realidade social de Galicia, desviando a atención dos problemas reais que afectan ás mulleres galegas.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

a) Reforzar as políticas públicas de igualdade, impulsando medidas efectivas contra a precariedade laboral das mulleres, a fenda salarial, a violencia machista e a desigual distribución dos coidados.

b) Promover unha sociedade na que as mulleres sexan plenamente libres, visibles e presentes en todos os ámbitos da vida social, política e económica.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/03/2026 18:09:42

Elena Espinosa Mangana na data 16/03/2026 18:09:51

Silvia Longueira Castro na data 16/03/2026 18:10:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/03/2026 18:10:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 18:14:00
Nº Rexistro: 53535
Data envío: 16/03/2026 18:14:00,943

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/03/2026 18:14:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2026 18:14:00
Nº Rexistro: 53535
Data envío: 16/03/2026 18:14:00,943

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O concello de Oia presenta unha densidade de poboación de arredor de 37 habitantes por quilómetro cadrado e unha poboación que supera lixeiramente os 3.000 habitantes. Trátase, polo tanto, dun municipio cun marcado carácter rural, cunha poboación dispersa e estruturada en numerosos núcleos parroquiais, circunstancia que condiciona de maneira significativa a planificación e execución das infraestruturas básicas.

Oia conta ademais cun importante patrimonio natural e paisaxístico. No seu territorio atópase a Serra da Groba, así como espazos de gran valor ambiental como os Sobreirais do Faro, e unha destacada franxa litoral rochosa coñecida como a Costa dos Castros. Este conxunto de espazos naturais constitúe un patrimonio ambiental de grande relevancia para o municipio e para o conxunto de Galicia.

Porén, a preservación destes valores naturais pasa necesariamente por garantir unhas infraestruturas axeitadas de saneamento e depuración das augas residuais. Na actualidade, esta situación non se produce, xa que o municipio presenta importantes deficiencias na súa rede e nos sistemas de depuración.



En determinados momentos prodúcense vertidos ao mar ou a ríos próximos como consecuencia destas carencias. A esta situación hai que engadir a existencia de colectores deteriorados ou mal conectados, sistemas individuais de tratamento insuficientes, redes incompletas, vertidos de augas fecais e diferentes fallos nas infraestruturas existentes.

Como consecuencia, esta problemática pode afectar á calidade das augas mariñas e fluviais, aos ecosistemas costeiros e tamén a actividades económicas de grande relevancia para a zona, como o turismo ou o marisqueo.

A pesar dalgunhas actuacións puntuais levadas a cabo pola Xunta de Galicia, continúa sen realizarse un diagnóstico integral da situación do saneamento no municipio, tal e como foi comprometido en diversas ocasións polo propio Goberno galego, a última delas no mes de novembro de 2024. Nin conta unha nova depuradora que elimine definitivamente os vertidos na costa.

Por todo iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incluír nos orzamentos do ano 2027, un plan integral de saneamento do Concello de Oia
2. Incluír nos orzamentos do ano 2027, a dotación para unha nova depuradora en Oia.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2026 13:11:18

Carlos López Font na data 17/03/2026 13:11:26

Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2026 13:11:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2026 13:11:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 13:14:31
Nº Rexistro: 53602
Data envío: 17/03/2026 13:14:31.058

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2026 13:14:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 13:14:31
Nº Rexistro: 53602
Data envío: 17/03/2026 13:14:31.058

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 16:49:16
Nº Rexistro: 53606
Data envío: 17/03/2026 16:49:16.293

Asinado o día 17/03/26
16:47
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a investigación por parte da Fiscalía de presunta fraude e falsidade documental cometido polo Hospital El Carmen de Ourense no exercicio de funcións externalizadas pola Xunta de Galiza e a explicación da falta de control do goberno galego.

Asinado o día 17/03/2026 ás
16:47
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 16 de marzo coñecía-se a través dos medios de comunicación que a Fiscalía de Ourense tería iniciado unha investigación por presunta fraude e falsidade documental ao Hospital El Carmen de Ourense no exercicio de funcións externalizadas pola Xunta de Galiza toda vez que facturou o uso de anestesia xeral, e non local, no marco dunhas intervencións maxilofaciais, cuestión que tería denunciado un facultativo.

Esta situación, de verificarse, suporía un escándalo duplo. Por unha banda, os propios feitos; pola outra, a falta de control e fiscalización da Xunta de Galiza á hora de facer seguimento das funcións que encomenda e de verificar o adecuado uso dos orzamentos públicos.

Así mesmo, cómpre sinalar dous feitos para contextualizar a gravidade da situación. É preciso recordar que no ano 2025 o propio Consello de Contas daba a coñecer os resultados do Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense. Este informe verbo do ano 2022, resumidamente, sinalaba a falta de planificación económica do goberno galego respecto das súas obrigas de prestación dos

Asinado o día 17/03/2026 ás
16:46
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

servizos públicos. Así, o Consello de Contas sinalaba, alén de enormes limitacións ao alcance, como a carencia dunha contabilidade analítica nos centros ou que non se obtivo a información requirida respecto da derivación de pacientes a centros para os que non se conta con ningunha información relativa á súa vinculación xurídica.

Así mesmo, o Consello sinalaba que non se puido obter a suficiente información respecto das tarifas aplicadas por prestacións similares noutras CCAA ao non reflectirse estas nas adxudicacións nin nos contratos publicados na plataforma de contratación do Estado ou que a falta de estudos relativos ao custo das prestacións obxecto de derivación produce inseguridades respecto da súa adecuación aos prezos de mercado. Ademais, advertía de distintas cuestións como a inclusión de contratos de dubidosa vixencia, prolongación de xeito espurio dalgún deles máis alá dun tempo razoable unha vez que xa rematara a súa vixencia, subversión da legalidade vixente ao vulnerar a propia regulación do SERGAS usando figuras de autorización temporal de uso para fins distintos dos planificados ou ao facer adxudicacións directas sen procesos que garantan a concorrência e a publicidade.

Como se todo isto fora pouco, no momento xa se advertía o aumento da derivación a centros privados como a alta dependencia da área de Ourense de dous centros, COSAGA e EL Carmen e do risco de oligopolización vista a tendencia xeral no Estado. Con este contexto, avanzouse na absorción posteriormente de COSAGA e El Carmen por parte do Grupo Recoletas, cuestión ante a que a Xunta non solicitou avaliación por parte da Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Por estes motivos, ante a preocupación xerada por esta noticia e ante a evidente falta de control da Xunta de Galiza, acrecentada nun contexto de monopolio, cómpre revisar a situación e que se activen os mecanismos de fiscalización necesarios.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Asumir responsabilidades políticas pola gravidade dos feitos coñecidos no ámbito da prestación sanitaria por medios alleos da Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras e impulsar unha auditoría independente dos servizos que ten externalizados de forma concreta nas instalacións de El Carmen.

2. Demandar da Comisión Galega da Competencia un estudo sobre o impacto na sanidade pública galega do proceso de concentración dos centros sanitarios privados de Ourense, analizando a situación e o grao de competencia e recomendando as medidas que deba adoptar a administración no marco da política económica xeral da Comunidade Autónoma. Dito informe será remitido ao Parlamento Galego para o seu debate e coñecemento.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2026 16:46:58

Iria Carreira Pazos na data 17/03/2026 16:47:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/03/2026 16:47:15

Rosana Pérez Fernández na data 17/03/2026 16:47:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 16:49:16
Nº Rexistro: 53606
Data envío: 17/03/2026 16:49:16.293

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2026 16:49:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 16:49:16
Nº Rexistro: 53606
Data envío: 17/03/2026 16:49:16.293

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos días fíxose pública a decisión da Fiscalía Provincial de Ourense de interpoñer denuncia contra o Centro Médico El Carmen, o Grupo Recoletas Salud Ourense, así como contra responsables directivos e profesionais vinculados, pola posible comisión de delitos de falsidade documental e estafa no ámbito da prestación de servizos sanitarios a pacientes derivados polo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Segundo as investigacións en curso, estaríanse facturando intervencións realizadas con sedación cando, na realidade, os pacientes unicamente recibiron anestesia local, o que implicaría a aplicación de tarifas superiores ás correspondentes e, en consecuencia, un posible prexuízo económico para os fondos públicos.

Non estamos ante un feito illado nin anecdótico. Estes feitos deben analizarse no contexto dun modelo de derivación á sanidade privada que leva anos funcionando con importantes deficiencias en materia de control, supervisión e garantías.



Neste sentido, o propio Consello de Contas de Galicia, no seu Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense (2024), sinala literalmente:

“O 7 % do gasto total do artigo 25 (15 millóns de euros) aínda está soportado pola figura da ‘autorización temporal de uso’, dos que o 53 % corresponden á área sanitaria obxecto de fiscalización. Como xa se puxo de manifesto, de xeito reiterado, esta figura véñse utilizando desde hai décadas polo Sergas de xeito indiscriminado (...) úsase como vía ordinaria e non excepcional de provisión de servizos o que supón unha subversión da legalidade vixente en materia contractual (...)”

É dicir, o órgano fiscalizador xa advertía dun uso prolongado e xeneralizado de mecanismos alleos aos procedementos ordinarios de contratación pública, así como da existencia de debilidades estruturais no sistema de control.

Todo isto prodúcese, ademais, nun contexto de incremento das derivacións á sanidade privada e de empeoramento dos principais indicadores asistenciais na sanidade pública.

Por todo o exposto, resulta imprescindible esclarecer responsabilidades, avaliar o alcance real dos feitos e garantir que os recursos públicos se xestionan con criterios de legalidade, transparencia e eficiencia, por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á apertura inmediata dun expediente informativo sobre o conxunto das derivacións realizadas a centros privados na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, co obxecto de determinar a

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



existencia de posibles irregularidades na facturación, no control das prestacións e na aplicación das tarifas.

2. Incluír nos orzamentos do ano 2027, a dotación para unha nova depuradora en Oia.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2026 13:10:22

Carlos López Font na data 17/03/2026 13:10:49

Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2026 13:10:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2026 13:11:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 13:14:03
Nº Rexistro: 53601
Data envío: 17/03/2026 13:14:03,212

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2026 13:14:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 13:14:03
Nº Rexistro: 53601
Data envío: 17/03/2026 13:14:03,212

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 16:49:44
Nº Rexistro: 53607
Data envío: 17/03/2026 16:49:44.913

Asinado o día 17/03/26
16:47
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a investigación por parte da Fiscalía de presunta fraude e falsidade documental cometido polo Hospital El Carmen de Ourense no exercicio de funcións externalizadas pola Xunta de Galiza e a explicación da falta de control do goberno galego.

Asinado o día 17/03/2026 ás
16:47
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 16 de marzo coñecía-se a través dos medios de comunicación que a Fiscalía de Ourense tería iniciado unha investigación por presunta fraude e falsidade documental ao Hospital El Carmen de Ourense no exercicio de funcións externalizadas pola Xunta de Galiza toda vez que facturou o uso de anestesia xeral, e non local, no marco dunhas intervencións maxilofaciais, cuestión que tería denunciado un facultativo.

Esta situación, de verificarse, suporía un escándalo duplo. Por unha banda, os propios feitos; pola outra, a falta de control e fiscalización da Xunta de Galiza á hora de facer seguimento das funcións que encomenda e de verificar o adecuado uso dos orzamentos públicos.

Así mesmo, cómpre sinalar dous feitos para contextualizar a gravidade da situación. É preciso recordar que no ano 2025 o propio Consello de Contas daba a coñecer os resultados do Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense. Este informe verbo do ano 2022, resumidamente, sinalaba a falta de planificación económica do goberno galego respecto das súas obrigas de prestación dos

Asinado o día 17/03/2026 ás
16:47
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

servizos públicos. Así, o Consello de Contas sinalaba, alén de enormes limitacións ao alcance, como a carencia dunha contabilidade analítica nos centros ou que non se obtivo a información requirida respecto da derivación de pacientes a centros para os que non se conta con ningunha información relativa á súa vinculación xurídica.

Así mesmo, o Consello sinalaba que non se puido obter a suficiente información respecto das tarifas aplicadas por prestacións similares noutras CCAA ao non reflectirse estas nas adxudicacións nin nos contratos publicados na plataforma de contratación do Estado ou que a falta de estudos relativos ao custo das prestacións obxecto de derivación produce inseguridades respecto da súa adecuación aos prezos de mercado. Ademais, advertía de distintas cuestións como a inclusión de contratos de dubidosa vixencia, prolongación de xeito espurio dalgún deles máis alá dun tempo razoable unha vez que xa rematara a súa vixencia, subversión da legalidade vixente ao vulnerar a propia regulación do SERGAS usando figuras de autorización temporal de uso para fins distintos dos planificados ou ao facer adxudicacións directas sen procesos que garantan a concorrência e a publicidade.

Como se todo isto fora pouco, no momento xa se advertía o aumento da derivación a centros privados como a alta dependencia da área de Ourense de dous centros, COSAGA e EL Carmen e do risco de oligopolización vista a tendencia xeral no Estado. Con este contexto, avanzouse na absorción posteriormente de COSAGA e El Carmen por parte do Grupo Recoletas, cuestión ante a que a Xunta non solicitou avaliación por parte da Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Por estes motivos, ante a preocupación xerada por esta noticia e ante a evidente falta de control da Xunta de Galiza, acrecentada nun contexto de monopolio, cómpre revisar a situación e que se activen os mecanismos de fiscalización necesarios.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Asumir responsabilidades políticas pola gravidade dos feitos coñecidos no ámbito da prestación sanitaria por medios alleos da Área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras e impulsar unha auditoría independente dos servizos que ten externalizados de forma concreta nas instalacións de El Carmen.

2. Demandar da Comisión Galega da Competencia un estudo sobre o impacto na sanidade pública galega do proceso de concentración dos centros sanitarios privados de Ourense, analizando a situación e o grao de competencia e recomendando as medidas que deba adoptar a administración no marco da política económica xeral da Comunidade Autónoma. Dito informe será remitido ao Parlamento Galego para o seu debate e coñecemento.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2026 16:47:28

Iria Carreira Pazos na data 17/03/2026 16:47:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/03/2026 16:47:45

Rosana Pérez Fernández na data 17/03/2026 16:47:52



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 16:49:44
Nº Rexistro: 53607
Data envío: 17/03/2026 16:49:44.913

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2026 16:49:45

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

Exposición de motivos

Nos últimos días fíxose pública a decisión da Fiscalía Provincial de Ourense de interpoñer denuncia contra o Centro Médico El Carmen, o Grupo Recoletas Salud Ourense, así como contra responsables directivos e profesionais vinculados, pola posible comisión de delitos de falsidade documental e estafa no ámbito da prestación de servizos sanitarios a pacientes derivados polo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Segundo as investigacións en curso, estaríanse facturando intervencións realizadas con sedación cando, na realidade, os pacientes unicamente recibiron anestesia local, o que implicaría a aplicación de tarifas superiores ás correspondentes e, en consecuencia, un posible prexuízo económico para os fondos públicos.

Non estamos ante un feito illado nin anecdótico. Estes feitos deben analizarse no contexto dun modelo de derivación á sanidade privada que leva anos funcionando con importantes deficiencias en materia de control, supervisión e garantías.



Neste sentido, o propio Consello de Contas de Galicia, no seu Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense (2024), sinala literalmente:

“O 7 % do gasto total do artigo 25 (15 millóns de euros) aínda está soportado pola figura da ‘autorización temporal de uso’, dos que o 53 % corresponden á área sanitaria obxecto de fiscalización. Como xa se puxo de manifesto, de xeito reiterado, esta figura véñse utilizando desde hai décadas polo Sergas de xeito indiscriminado (...) úsase como vía ordinaria e non excepcional de provisión de servizos o que supón unha subversión da legalidade vixente en materia contractual (...)”

É dicir, o órgano fiscalizador xa advertía dun uso prolongado e xeneralizado de mecanismos alleos aos procedementos ordinarios de contratación pública, así como da existencia de debilidades estruturais no sistema de control.

Todo isto prodúcese, ademais, nun contexto de incremento das derivacións á sanidade privada e de empeoramento dos principais indicadores asistenciais na sanidade pública.

Por todo o exposto, resulta imprescindible esclarecer responsabilidades, avaliar o alcance real dos feitos e garantir que os recursos públicos se xestionan con criterios de legalidade, transparencia e eficiencia, por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á apertura inmediata dun expediente informativo sobre o conxunto das derivacións realizadas a centros privados na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, co obxecto de determinar a existencia de posibles

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



irregularidades na facturación, no control das prestacións e na aplicación das tarifas.

2. Ordenar a realización dunha auditoría independente, sobre os servizos prestados por centros privados con cargo ao Sergas na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras durante os últimos cinco anos, que inclúa a revisión da adecuación entre as intervencións realizadas e as facturadas, a análise das tarifas aplicadas e a avaliación dos mecanismos de control existentes.
3. Adoptar, no seu caso, as medidas administrativas e sancionadoras que procedan en función dos resultados das actuacións anteriores, incluíndo a revisión, suspensión ou, se for o caso, a extinción das autorizacións de uso actualmente vixentes.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2026 17:15:12

Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/03/2026 17:15:20

Silvia Longueira Castro na data 17/03/2026 17:15:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2026 17:41:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 17:44:55
Nº Rexistro: 53612
Data envío: 17/03/2026 17:44:55,963

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/03/2026 17:44:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2026 17:44:55
Nº Rexistro: 53612
Data envío: 17/03/2026 17:44:55,963

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa ás necesidades de reforzo de profesorado especialista PT e AL no CEIP de Barouta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segunda quincena de marzo de 2026, xa co segundo trimestre mediado, e segue habendo moitos centros educativos no noso país que manifestan necesidades de reforzo do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe en toda Galiza.

Nun curso que comezou con mobilizacións da comunidade educativa por todo o país e con varias folgas de profesorado, a Xunta de Galiza segue sen atender as demandas de dotar de máis profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe en centros educativos de educación infantil e primaria. Mobilizacións que se repetiron no mes de febreiro con convocatorias nacionais e comarcais e que, previsiblemente, continuarán ao longo de todo o curso ante a falta de solucións por parte da Consellería de Educación ás demandas de alumnado, familias e profesorado.

A inclusión educativa só é real cando existe unha dotación de profesorado especialista suficiente para atender as necesidades de todo o alumnado que precisa unha atención individualizada, sobre todo nun contexto no que hai centros con grandes carencias no que se refire a ese reforzo de profesorado e persoal coidador.

É o caso do CEIP de Barouta no Concello de Ames, onde tendo en conta os ditames do equipo de orientación específico e informes do SERGAS precisaríanse 5





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

especialistas en pedagogía terapéutica e 4 especialistas en audición e linguaxe para atender as necesidades de apoio educativo do alumnado neste centro, mais a dotación actual é de 2,5 especialistas en pedagogía terapéutica e 1,5 en audición e linguaxe.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dotar o CEIP de Barouta do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe suficiente para atender as necesidades de apoio educativo identificadas polo equipo de orientación específico e os informes de saúde do SERGAS.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 18/03/2026 10:53:54

Cristina Fernández Davila na data 18/03/2026 10:54:02

Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2026 10:54:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 10:55:08
Nº Rexistro: 53620
Data envío: 18/03/2026 10:55:08,283

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 10:55:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 10:55:08
Nº Rexistro: 53620
Data envío: 18/03/2026 10:55:08,283

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 11:49:40
Nº Rexistro: 53624
Data envío: 18/03/2026 11:49:40,329

Asinado o día 18/03/26
11:49
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa ás infraestruturas centros educativos concello de Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames leva anos destacando polo cambio de tendencia demográfica que o sitúa como un concello novo que recibe poboación e que ten unha taxa de natalidade positiva nun contexto de crise na maioría de concellos da contorna e, de forma xeralizada, no conxunto do país.

Esta tendencia ten numerosas implicacións positivas para o dinamismo do concello, mais tamén implica retos para a administración pública en distintos servizos, especialmente en todas as decisións relacionadas co sistema educativo.

Nos centros educativos de educación infantil e primaria do concello de Ames repítense numerosas deficiencias estruturais que veñen desde hai anos e que precisan de actuacións urxentes e importantes investimentos por parte da Xunta de Galiza.

Na Escola Infantil do Milladoiro executouse unha actuación incompleta de substitución da cuberta. A día de hoxe o falso teito está gravemente danado por filtracións de auga e tamén se producen filtracións no corredor principal e deficiencias no comedor, incidencias que se levan ocorrendo moito tempo e que supoñen un risco para a seguridade do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos que alí traballan.

O CEIP de Ventín, tamén no Milladoiro, arrastra problemas de humidades e filtracións nunha aula de 5º, froito de filtracións e un deterioro nas paredes causados por

Asinado o día 18/03/2026 ás
11:48
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 18/03/2026 ás
11:48
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

deficiencias nunha cuberta adxacente. En outubro pintouse a aula e instaláronse deshumidificadores como medidas correctoras, mais as humidades volveron aparecer.

Neste centro prodúcese filtracións de auga no pavillón que condicionan o uso deste espazo por parte do alumnado. Ademais, varias portas dos baños teñen danos que vulneran a privacidade do alumnado cando fan uso deles.

As filtracións de auga afectan tamén de maneira significativa o CEIP A Maía, tanto no edificio de Educación Infantil como no de Educación Primaria. O deterioro da cuberta, que é moi antiga, fixo que neste inverno se multiplicasen os problemas derivados das filtracións, problemas que se magnifican polo estado da carpintería metálica das fiestras que tamén produce filtracións e afecta á eficiencia enerxética.

Tamén na Unitaria da Igrexa son recorrentes os graves problemas de humidades e de temperatura na galería. As filtracións afectan ás paredes e ás tubaxes da estrutura, comprometendo a conservación do edificio. Esta escola presenta tamén filtracións derivadas da ineficacia do muro de contención.

O CEIP de Barouta necesita un novo elevador e que se constrúa un muro de contención na parte baixa do patio escolar fronte ao risco de caída de árbores. Neste centro, o alumnado percorre unha distancia importante mollándose nos días que chove desde a zona de parada dos autobuses á entrada do centro, polo que se ten demandado a creación dunha pasarela para conectar as dúas zonas desde hai tempo.

Son moitas as deficiencias que arrastran estes centros educativos e que requiren de intervencións de carácter estrutural que transcenden a competencia de conservación e mantemento que exerce a administración local. Polas dimensións destas carencias, é a Xunta de Galiza quen debe abordalas de forma integral para darlle unha solución ao alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos destes centros educativos do Concello de Ames.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Actuar na cuberta e acometer a reparación do falso teito na Escola Infantil do Milladoiro, así como realizar unha avaliación nos próximos tres meses para diagnosticar a situación e identificar unha solución definitiva das filtracións no corredor.

2. Realizar un estudo para identificar as causas das filtracións no CEIP de Ventín para darlle unha solución efectiva e definitiva, así como realizar as actuacións estruturais pertinentes para eliminar as filtracións no pavillón e cambiar as portas dos baños alí onde presentan desperfectos que vulneran a privacidade do alumnado.

3. Executar á maior brevidade posible a substitución completa da cuberta do CEIP A Maía e as actuacións de reparación das filtracións e humidades nos edificios de Educación Infantil e Primaria, así como a renovación da carpintería metálica exterior das fiestras.

4. Actuar na cuberta da Unitaria da Igrexa para procurar unha solución definitiva ás humidades dese centro e garantir unhas condicións térmicas adecuadas en todo o centro.

5. Dotar o CEIP de Barouta dun novo ascensor e construír un muro de contención na zona baixa do patio e unha pasarela cuberta que una a zona de parada dos autobuses coa entrada do centro.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 18/03/2026 11:48:47

Cristina Fernández Davila na data 18/03/2026 11:48:55

Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2026 11:49:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 11:49:40
Nº Rexistro: 53624
Data envío: 18/03/2026 11:49:40,329

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 11:49:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 11:49:40
Nº Rexistro: 53624
Data envío: 18/03/2026 11:49:40,329

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde das Pontes presta servizo a unha poboación numerosa e cunha elevada dispersión territorial, o que incrementa a presión asistencial e a necesidade de garantir unha cobertura adecuada de profesionais de medicina de familia. Nos últimos meses vense evidenciando a falta dunha praza de médico ou médica de familia, circunstancia que está a provocar dificultades na organización do servizo, sobrecarga asistencial para o resto do persoal facultativo e atrasos na atención sanitaria da cidadanía.

Esta situación repercute directamente na calidade asistencial e no dereito da veciñanza a unha atención sanitaria próxima, continua e en condicións de

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



equidade. A falta de profesionais en atención primaria é un problema estrutural en Galicia, derivado dunha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia, que non está a adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura estable das prazas nin para reforzar o primeiro nivel asistencial.

Resulta imprescindible que o Goberno galego adopte actuacións inmediatas para garantir a cobertura efectiva e estable desta praza, evitando que a poboación das Pontes vexa deteriorado o seu dereito a unha atención sanitaria pública de calidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proceder á cobertura inmediata e estable da praza vacante de médico ou médica de familia no Centro de Saúde das Pontes, garantindo a continuidade asistencial e a calidade do servizo sanitario.

Santiago de Compostela, 18 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/03/2026 12:00:08

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2026 12:00:14

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2026 12:00:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 12:00:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:01:08
Nº Rexistro: 53628
Data envío: 18/03/2026 12:01:08,232

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:01:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:01:08
Nº Rexistro: 53628
Data envío: 18/03/2026 12:01:08,232

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

A prevención e loita contra os incendios forestais constitúe unha prioridade estratéxica para Galicia, tanto polos seus efectos ambientais e económicos como polo impacto directo na seguridade das persoas, das vivendas e das actividades produtivas no medio rural.

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:02
Por Lara Méndez López

Nos últimos anos, os incendios forestais deixaron de ter un carácter excepcional para se converter nun risco estrutural, condicionado por factores como o cambio climático, a acumulación de biomasa, a fragmentación da propiedade forestal e o abandono progresivo do territorio. Esta realidade require o reforzo das políticas públicas de prevención, baseadas nunha planificación eficaz, unha xestión activa do monte e unha adecuada coordinación entre administracións.

A vaga de incendios rexistrada no verán de 2025 evidenciou novamente a vulnerabilidade de amplas zonas do territorio galego e a necesidade de consolidar instrumentos preventivos eficaces, en particular aqueles orientados á protección dos núcleos de poboación mediante a xestión das franxas secundarias.

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:02
Por Carmen Rodríguez Dacosta



Neste contexto, o presidente da Xunta de Galicia anunciou no Parlamento a asunción por parte da Administración autonómica da ordenación da limpeza das franxas secundarias nos concellos de menos de 10.000 habitantes, a través da empresa pública Seaga, co obxectivo de reforzar o apoio ás entidades locais con menor capacidade técnica e económica.

Porén, con posterioridade, a Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu modificacións relevantes no marco normativo da xestión da biomasa, incluíndo a posibilidade de detraer recursos do Fondo de Cooperación Local aos concellos que non se adhiran ao sistema de xestión das franxas secundarias ou que non executen as actuacións correspondentes, en concepto de compensación polos custos asumidos pola Administración autonómica.

Esta previsión suscitou reservas por parte das entidades locais. A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) manifestou a súa oposición ao modelo proposto, por considerar que pode afectar ao equilibrio competencial e á suficiencia financeira dos concellos, ao introducir mecanismos de posible minoración de recursos sen unha correlativa garantía de medios.

Paralelamente, a información dispoñible sobre o estado de execución das políticas públicas de prevención evidencia a existencia de dificultades na planificación e desenvolvemento das actuacións financiadas con fondos públicos.

En particular, no caso das actuacións financiadas ao abeiro do Capítulo VII correspondentes ao exercicio 2024, a resolución dos expedientes produciuse en febreiro de 2026, o que condiciona a execución das actuacións nun prazo significativamente reducido respecto do inicialmente previsto.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Do mesmo xeito, no ámbito das intervencións en monte conveniado (Capítulo VI), os procedementos de licitación atópanse en fase de desenvolvemento, sen que exista plena certeza sobre a súa execución efectiva dentro dos prazos operativos adecuados.

Estas circunstancias poden xerar unha elevada concentración temporal das actuacións de prevención, cun impacto potencial sobre a capacidade operativa do sector forestal e sobre a eficacia das medidas adoptadas.

Neste contexto, resulta necesario analizar a coherencia entre o marco normativo recentemente aprobado, as obrigas impostas ás entidades locais e a capacidade real de execución das políticas públicas de prevención por parte do conxunto das administracións implicadas.

Ante esta situación, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir co compromiso anunciado de asumir a ordenación da limpeza das franxas secundarias nos concellos de menor tamaño, garantindo o apoio técnico e operativo necesario.
2. Reforzar os mecanismos de cooperación institucional coas entidades locais e coa Federación Galega de Municipios e Provincias, asegurando unha distribución equilibrada de responsabilidades e recursos.



3. Garantir que a aplicación das medidas previstas na Lei 5/2025 non comprometa a suficiencia financeira das entidades locais nin a prestación dos servizos públicos básicos.
4. Mellorar a planificación das políticas de prevención de incendios forestais, establecendo mecanismos que aseguren a execución efectiva das actuacións en prazos compatibles coa capacidade operativa do sector forestal.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2026 12:02:33

Lara Méndez López na data 18/03/2026 12:02:45

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 12:02:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:15:50
Nº Rexistro: 53630
Data envío: 18/03/2026 12:15:50.146

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:15:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:15:50
Nº Rexistro: 53630
Data envío: 18/03/2026 12:15:50.146

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Raúl Santamaría González, Roberto Rodríguez Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A estrada N-640, ao seu paso polo municipio de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), é unha infraestrutura de titularidade estatal que desempeña un papel esencial na mobilidade da comarca do Salnés e na propia vertebración do núcleo urbano vilagarcían.

Nos últimos anos, o Goberno de España, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, xunto có goberno local de Vilagarcía de Arousa, anunciou publicamente a reforma integral deste tramo urbano da N-640, presentando actuacións que incluían melloras na seguridade viaria, na ordenación do tráfico e na integración urbana da vía.

Porén, transcorrido un tempo máis que razoable desde aqueles anuncios públicos, a realidade é que non se produciron avances efectivos nen se concretaron prazos certos para o inicio das obras.

Non existe calendario definido, non hai licitación publicada nen compromiso orzamentario claro que permita afirmar que a actuación vai ser executada en breve.

Esta situación supón un incumprimento evidente dos compromisos adquiridos ante a cidadanía de Vilagarcía de Arousa.



A falta de actuación mantén unha vía con necesidades evidentes de mellora, prolonga problemas de seguridade viaria e dificulta unha adecuada planificación urbana.

A política de anuncios sen execución non pode substituír á responsabilidade institucional.

A cidadanía merece certezas, prazos e feitos. Resulta, polo tanto, imprescindible que o Goberno de España abandone a indefinición actual e cumpra có anunciado, activando de maneira inmediata os mecanismos administrativos e orzamentarios necesarios para facer realidade a reforma integral da N-640 ao seu paso por Vilagarcía de Arousa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Informar de maneira detallada e pública sobre o estado actual do proxecto de reforma integral da estrada N-640 ao seu paso por Vilagarcía de Arousa, especificando as fases técnicas e administrativas pendentes.
- 2.- Establecer un calendario concreto e vinculante para a licitación, adxudicación e execución das obras correspondentes ao citado tramo.
- 3.- Consignar nos Orzamentos Xerais do Estado as partidas económicas necesarias para garantir a execución efectiva da actuación sen máis demoras.
- 4.- Manter unha coordinación permanente có Concello de Vilagarcía de Arousa có fin de asegurar que a intervención responda ás necesidades reais de seguridade viaria, mobilidade e integración urbana da contorna”.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 12:17:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:17:54
Nº Rexistro: 53635
Data envío: 18/03/2026 12:17:54.772

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:17:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:17:54
Nº Rexistro: 53635
Data envío: 18/03/2026 12:17:54.772

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Angel Rodríguez Conde, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Nos últimos días produciuse a suspensión de diversos traxectos ferroviarios en Galicia, en especial o servizo ferroviario coas frecuencias habituais entre Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, sendo afectadas entre outras paradas a de Padrón. Unha decisión da empresa pública Renfe que afectou a milleiros de persoas usuarias do transporte ferroviario.

Esta suspensión realizouse sen explicacións públicas claras e suficientes, de maneira descoordinada e sen que, en moitos momentos, sobre todo ao inicio da suspensión deste servizo, se habilitasen servizos de transporte alternativo, ao contrario do que aconteceu noutras comunidades autónomas ante situacións semellantes.

A seguridade e a prudencia deben rexer sempre a xestión do transporte público, especialmente cando concorren circunstancias técnicas ou operativas que así o aconsellen. Porén, a adopción de medidas excepcionais como a suspensión de servizos ferroviarios esenciais debe ir acompañada de información transparente, planificación adecuada e unha correcta coordinación institucional, cuestións que, neste caso, resultaron claramente insuficientes.

A ausencia de comunicación previa e de información detallada sobre as causas concretas da suspensión obrigou á Xunta de Galicia a reforzar de maneira urxente

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:26
Por Alberto Pazos Couñago



os servizos de transporte por estrada, sen dispoñer da información necesaria nin coa antelación debida, xerando incerteza, molestias e prexuízos tanto para as persoas usuarias como para as administracións públicas implicadas.

Resulta especialmente preocupante que non se activasen mecanismos de transporte alternativo en Galicia, cando si se fixo noutros territorios en situacións comparables, o que suscita dúbidas razoables sobre a aplicación de criterios homoxéneos e equitativos por parte do Goberno de España na xestión do servizo ferroviario.

Os feitos acontecidos poñen de manifesto a necesidade de dar explicacións claras, asumir responsabilidades e garantir que, no futuro, se actúe con maior transparencia, coordinación e respecto institucional, especialmente cunha comunidade como Galicia, na que o ferrocarril constitúe un servizo esencial para a mobilidade diaria, a cohesión territorial e a igualdade de oportunidades.

Cómpre lembrar que Galicia vén reclamando información sobre a situación actual e o mantemento preventivo que se está a facer da rede ferroviaria en Galicia, e se este é o axeitado para adiantarse á acumulación de defectos, evitar o seu deterioro progresivo e manter a calidade do servizo. Non se trata só de xestionar unha situación meteorolóxica dada, senón de executar un mantemento preventivo eficaz sobre drenaxes e noiros que permita á rede soportala sen chegar ao colapso do servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Ofrecer explicacións públicas, claras, completas e transparentes sobre as causas que motivaron a suspensión dos traxectos ferroviarios entre Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa.





- 2.- Informar dos criterios técnicos e operativos que xustificaron a adopción desta medida, así como do procedemento seguido para a súa toma de decisión.





- 3.- Explicar as razóns polas que non se habilitaron servizos de transporte alternativo nas comarcas que foron afectadas pola supresión deste servizo , sobre todo ao principio da suspensión, a diferenza do ocorrido noutras comunidades autónomas en situacións similares, e aclarar se existiron diferenzas de trato ou de criterios na xestión do servizo.
- 4.- Reforzar os mecanismos de coordinación e comunicación coa Xunta de Galicia, garantindo o intercambio de información previa, suficiente e veraz ante calquera incidencia que afecte ao servizo ferroviario.
- 5.- Establecer protocolos claros de actuación, que inclúan a obrigatoriedade de informar ás administracións afectadas e ás persoas usuarias, así como a habilitación de transportes alternativos cando se produzan suspensións de servizos ferroviarios.
- 6.- Comprometerse a actuar con transparencia, planificación e respecto institucional, asegurando un trato equitativo a Galicia e aos milleiros de galegos e galegas que utilizan o tren como medio habitual de desprazamento."

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 12:26:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:27:01
Nº Rexistro: 53649
Data envío: 18/03/2026 12:27:01.962

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:27:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:27:01
Nº Rexistro: 53649
Data envío: 18/03/2026 12:27:01.962

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O sistema aeroportuario de Galicia (Santiago-Rosalía de Castro, A Coruña-Alvedro, Vigo-Peinador) leva xa moito tempo sufrindo numerosos recortes de prazas e frecuencias das compañías aéreas e a suba das taxas aeroportuarias por parte de AENA, que virán a financiar os seus plans de investimentos.

A competencia exclusiva do transporte aéreo nos aeroportos de interese xeral é estatal, ao igual que a titularidade das instalacións aeroportuarias. E é o Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia creado no ano 2014, o que coordina a actividade aeroportuaria galega, liderado pola Dirección Xeral de Aviación Civil e contando con representantes de AENA, a Xunta de Galicia, concellos implicados e axentes económicos.

Sen embargo, o Goberno central mostra moita pasividade e desleixo das súas competencias neste eido, o que está a traer consecuencias negativas para a competitividade empresarial na comunidade autónoma non só por reducirse a conectividade, senón tamén por tratarse dunha das rexións máis afectadas por estas decisións.

Neste senso, é necesario que o Goberno central e AENA manteñan unha política de taxas atractiva que faga viable o traballo das aeroliñas e unha xestión coordinada.

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:50
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:51:07
Nº Rexistro: 53656
Data envío: 18/03/2026 12:51:07.870

Galicia precisa conexións aéreas estables, estratéxicas e coordinadas, independentes de decisións conxunturais ou intereses alleos ao territorio.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





É por iso que o Grupo de Traballo de Conectividade Aérea de Galicia xa está a traballar para apelar á administración central a implicarse e aportar datos que contribúan a definir o futuro das conexións aéreas en Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que tome responsabilidade sobre as súas competencias e realice a coordinación oportuna dos aeroportos galegos a través do Comité de Coordinación Aeroportuaria de Galicia, có fin de garantir a competitividade dos aeroportos galegos, manter o emprego vinculado ao movemento que se xera nestas infraestruturas, así como a súa actividade económica.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 12:50:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:51:07
Nº Rexistro: 53656
Data envío: 18/03/2026 12:51:07.870

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:51:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:51:07
Nº Rexistro: 53656
Data envío: 18/03/2026 12:51:07.870

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A competencia exclusiva do transporte aéreo nos aeroportos de interese xeral é estatal, ao igual que a titularidade das instalacións aeroportuarias. O xestor aeroportuario nacional, Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), é tamén o xestor do aeroporto coruñés de Alvedro. Na actualidade, está a sondar a ampliación das salas de embarque da terminal. Segundo avanzou, no marco do Documento de Regulación Aeroportuaria 2027-2031, a obra consistiría en aumentar a superficie total desta zona en 800 m², aumentando dos 1.200 m² actuais a 2.000 m².

Á luz do Plan Director vixente, aprobado no ano 2022 por AENA (Orde TMA/975/2022, de 22 de setembro, pola que se aproba a revisión do Plan Director do Aeroporto da Coruña), a terminal precisaría dunha ampliación de 5.000 m², polo que a ampliación proposta, que representa o 16% da superficie total contemplada, sería insuficiente. Sen entrar na comparativa con outras terminais galegas, a asimetría entre o que se propón e o que se recolle no Plan Director é enorme.

Alvedro precisa de máis espazo nestas zonas, pero non só iso. Precisa tamén dunha remodelación da terminal, obsoleta e vella, tanto no lado aire como na zona pública; do incremento do número de pasarelas de embarque (*fingers*); de máis espazo de plataforma; ademais do inicio da obra de construción dunha nova

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:53
Por Alberto Pazos Couñago





rampla de aviación xeral cunha zona de hangares... Todo tal e como contempla o último Plan Director, e que contaba cunha previsión de 32,2 M€ de investimento.

Neste senso, non transcendeu información pública sobre se esta obra vai supoñer un incremento do número de fingers, que quedaría en dous, polos cinco propostos polo Plan Director. Tampouco se vaia a supoñer un incremento no número de portas de embarque, actualmente seis, aínda que só catro son utilizables de maneira simultánea, debido a un espazo máis que limitado a compartir por parte das portas inferiores, e é que as portas nº 1 e 2 atópanse xuntas nunha única sala de dimensións reducidas, mentres que as portas nº 5 e 6 comparten outra sala aínda máis pequena, sendo evidente a imposibilidade do empregalas todas de forma concorrente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que AENA, con carácter de urxencia, incorpore ao Documento de Regulación Aeroportuaria 2027-2031 a ampliación da terminal nos 5.000 m², tal e como está recollido no Plan Director vixente.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 12:53:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:53:30
Nº Rexistro: 53659
Data envío: 18/03/2026 12:53:30.667

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:53:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:53:30
Nº Rexistro: 53659
Data envío: 18/03/2026 12:53:30.667

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:56:46
Nº Rexistro: 53661
Data envío: 18/03/2026 12:56:46.068

Asinado o día 18/03/26
12:55
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas, Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á Escola Infantil do Milladoiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames leva anos destacando polo cambio de tendencia demográfica que o sitúa como un concello novo que recibe poboación e que ten unha taxa de natalidade positiva nun contexto de crise na maioría de concellos da contorna e, de forma xeralizada, no conxunto do país.

Esta tendencia ten numerosas implicacións positivas para o dinamismo do concello, mais tamén implica retos para a administración pública en distintos servizos, especialmente en todas as decisións relacionadas co sistema educativo e cos servizos de atención á infancia.

Na Escola Infantil do Milladoiro executouse unha actuación incompleta de substitución da cuberta. A día de hoxe o falso teito está gravemente danado por filtracións de auga e tamén se producen filtracións no corredor principal e deficiencias no comedor, incidencias que se levan ocorrendo moito tempo e que supoñen un risco para a seguridade do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos que alí traballan.

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:55
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 18/03/2026 ás
12:55
Por Saleta Chao Rivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a actuar na cuberta e acometer a reparación do falso teito na Escola Infantil do Milladoiro, así como realizar unha avaliación nos próximos tres meses para diagnosticar a situación e identificar unha solución definitiva das filtracións no corredor”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 18/03/2026 12:55:27

Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2026 12:55:33

Ariadna Fernández González na data 18/03/2026 12:55:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:56:46
Nº Rexistro: 53661
Data envío: 18/03/2026 12:56:46.068

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 12:56:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 12:56:46
Nº Rexistro: 53661
Data envío: 18/03/2026 12:56:46.068

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Gonzalo Trenor López, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A competencia exclusiva do transporte aéreo nos aeroportos de interese xeral é estatal, ao igual que a titularidade das instalacións aeroportuarias. O xestor aeroportuario nacional, Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), é tamén o xestor do aeroporto coruñés de Alvedro.

O Plan Director de Alvedro, aprobado no ano 2022 por AENA (Orde TMA/975/2022, de 22 de setembro, pola que se aproba a revisión do Plan Director do Aeroporto da Coruña), presenta un alto nivel de incumprimento nas súas actuacións craves tras catro anos de vixencia, con proxectos de ampliación que se reduciron drasticamente en comparación co proxectado orixinalmente, o que mantén á terminal con limitacións de espazo.

O problema é que a terminal herculina inaugurouse no ano 1995 cunha capacidade teórica de 650.000 viaxeiros; unha capacidade que creceu e agora non está dimensionada de forma axeitada, e ademais foi concibida para os avións da época, dos nos 90, cunha capacidade para 50, 60 ou 70 prazas. As aeronaves actuais que operan no aeroporto son de 220 prazas e, puntualmente, de 240, que cada vez serán máis frecuentes.

Polo tanto, a situación actual así como a falta de execución das obras estruturais dun Plan Director que contaba cunha previsión de 32,2 M€ de investimento, condena a Alvedro a operar cunha terminal obsoleta ata, polo menos, o ano 2035.



Alvedro está pendente da plataforma comercial, xa que o Plan Director prevía mellorar a zona destinada ao estacionamento de aeronaves comerciais, é dicir, as que transportan pasaxeiros; e da plataforma xeral, sobre a que se propoñía o seu traslado á beira este da pista.

Asemade, recentemente AENA expuxo, no marco do Documento de Regulación Aeroportuaria 2027-2031, unha ampliación da terminal dun 84% inferior á prevista no Plan Director, xa que a obra consistiría en aumentar a superficie total desta zona en 800 m², aumentando dos 1.200 m² actuais a 2.000 m². Á luz deste Plan Director, a terminal precisaría dunha ampliación de 5.000 m², polo que a ampliación proposta (16% da superficie total contemplada), sería insuficiente.

Sen entrar na comparativa con outras terminais galegas, a asimetría entre o que se propón e o que se recolle no Plan Director é enorme.

Por último, Alvedro está a resultar afectada por un incremento de taxas a un, dous e tres anos vista, e así ata o ano 2031. Pero actuacións que se vaian a realizar de calado, non hai ningunha, xa que as actuacións no campo de voo son para adecuar a instalación á normativa vixente. Non é un investimento, é un mantemento polo ancho de franxa.

É dicir, existe unha desconexión significativa entre os proxectos recollidos no Plan Director e a execución dos mesmos por parte de AENA, que prioriza unha reestruturación moito menor á planificada inicialmente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que AENA atalle, dunha vez por todas, a problemática histórica da limitación de capacidade da terminal do aeroporto de Alvedro, a través da execución dos proxectos recollidos no Plan Director aprobado no ano 2022, co fin de dotalo das infraestruturas necesarias para non lastrar o seu crecemento e así posicionalo nunha situación de equilibrio comparativo cos seus homólogos galegos e con todos os da rede de AENA.”





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 53667
Data envío: 18/03/2026 13:01:18.099

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 13:01:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 53667
Data envío: 18/03/2026 13:01:18,099

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:01:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 53667
Data envío: 18/03/2026 13:01:18,099

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1º, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Sobre a seguir promovendo acordos de colaboración e protocolos operativos en materia de protección civil e emerxencias coas comunidades autónomas limítrofes, así como a continuar reforzando a cooperación transfronteiriza con Portugal para a atención conxunta a emerxencias que poidan afectar a ambos dous territorios.

Exposición de Motivos

Unha xestión eficaz das emerxencias pasa por unha visión coordinada entre territorios porque os incendios forestais ou os fenómenos meteorolóxicos, por poñer un par de exemplos, non entenden de límites nin fronteiras, polo que a súa prevención e resposta requiren mecanismos estables de cooperación entre administracións. Neste contexto, a colaboración interterritorial entre comunidades autónomas limítrofes é clave para optimizar recursos, compartir información e garantir unha resposta rápida e eficaz ante situacións de emerxencia.

E o que referido a outras comunidades autónomas pode extrapolarse tamén a Portugal. A proximidade xeográfica e a intensidade das relacións económicas, culturais e territoriais fan especialmente relevante reforzar a cooperación transfronteiriza en materia de emerxencias e protección civil cos nosos veciños portugueses. Non hai dúbida de que o intercambio de protocolos, a coordinación operativa entre servizos de emerxencia e a realización de exercicios conxuntos permiten mellorar a capacidade de resposta.

Promover e consolidar estes mecanismos de colaboración non só favorece unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles, tamén contribúe a aumentar a seguridade da cidadanía que poida verse afectada.

Asinado o día 18/03/2026 ás
13:02
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a seguir promovendo acordos de colaboración e protocolos operativos en materia de protección civil e emerxencias coas comunidades autónomas limítrofes, así como a continuar reforzando a cooperación transfronteiriza con Portugal para a atención conxunta a emerxencias que poidan afectar a ambos dous territorios.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 13:02:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:03:00
Nº Rexistro: 53669
Data envío: 18/03/2026 13:03:00,302

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:03:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:03:00
Nº Rexistro: 53669
Data envío: 18/03/2026 13:03:00,302

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos, e de forma reiterada, a Xunta de Galicia solicitou ao Goberno de España a rebaixa ou a supresión do IVE que grava os produtos pesqueiros e acuícolas, respaldando unha petición unánime do sector marítimo-pesqueiro e da súa cadea mar-industria; unha petición apoiada tamén polo Parlamento Europeo e a Comisión Europea.

Recentemente, as peixarías tradicionais, a través da Federación Nacional de Asociacións Provinciais de Empresarios Detallistas de Peixes e Produtos Conxelados de España (Fedepesca), solicitaron ao Estado a supresión deste IVE, gravados ao 10%; unha medida preventiva ante a posible suba dos prezos dos alimentos, un fenómeno propiciado pola actual situación xeopolítica.

Ao longo do ano 2025, a inflación dos produtos de pesca mantívose por baixo do IPC xeral, situado no 2,9%, do índice de prezos dos alimentos no seu conxunto, do 3%, e do IPC dos alimentos sen elaboración, do 6%, de acordo coas cifras do Instituto Nacional de Estadística.

Con relación con este imposto, ata o pasado mes de novembro, o Ministerio de Facenda ingresou 1.936 M€ adicionais por IVE dos alimentos, batendo récords de recadación xeral.

Á vista destes datos, cómpre insistir na reclamación dunha reforma fiscal que favoreza a este sector estratéxico, xa que contribuiría a ampliar a demanda interna





de peixes e conservas, co consecuente beneficio para a saúde dos consumidores e impacto positivo na economía galega en xeral e dos sectores profesionais vinculados ao mundo do mar.

Xa no ano 2023, o informe Efectos económicos e distributivos da redución do IVE no sector pesqueiro elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela, confirmaba que unha rebaixa do 10% ao 5% do IVE dos produtos do mar impulsaría o consumo, contribuíría a crear máis de 5.500 empregos e xeraría unha riqueza (valor engadido bruto) de 30 M€.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España para que suprima o IVE que grava os produtos pesqueiros e acuícolas, co obxectivo de implantar unha medida preventiva coa que paliar o encarecemento destes alimentos ante unha posible suba dos prezos, a consecuencia da actual situación xeopolítica.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 13:14:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:15:03
Nº Rexistro: 53674
Data envío: 18/03/2026 13:15:03,973

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:15:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:15:03
Nº Rexistro: 53674
Data envío: 18/03/2026 13:15:03,973

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O IES Moncho Valcarce, situado no concello das Pontes de García Rodríguez e no que cursan estudos máis de 400 alumnos e alumnas, presenta desde hai anos diversas deficiencias estruturais, funcionais e enerxéticas que condicionan gravemente o desenvolvemento normal das actividades educativas e deportivas. Entre estas carencias destacan a existencia de filtracións de auga e goteiras que afectan tanto ás cubertas como ás aulas e ao pavillón polideportivo, a presenza persistente de humidades e mofo, así como a obsolescencia dos sistemas de calefacción e iluminación e un illamento térmico insuficiente que repercute negativamente na eficiencia enerxética e no confort das instalacións.



Estas deficiencias supoñen un risco para a saúde, a seguridade e o benestar da comunidade educativa, ao tempo que evidencian unha falta de intervención por parte da administración autonómica, que ten atribuídas as competencias en materia de ensino non universitario e conservación dos centros públicos de Educación Secundaria. A pesar das reiteradas demandas da comunidade educativa e das administracións locais, así como das inspeccións realizadas nos últimos anos, non se ten producido unha actuación integral nin unha planificación clara para a mellora destas instalacións, que acumulan xa varias décadas de antigüidade.

Resulta, polo tanto, imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para garantir que o centro reúna as condicións adecuadas de habitabilidade, salubridade, seguridade e eficiencia enerxética, de acordo coa normativa vixente e cos estándares que deben rexer os espazos educativos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Acometer con carácter urxente unha actuación integral de reparación e mellora do IES Moncho Valcarce e do seu pavillón polideportivo, garantindo a eliminación das filtracións e humidades, a mellora do illamento térmico e a modernización das instalacións de climatización e iluminación conforme aos estándares de eficiencia enerxética.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



2. Elaborar e executar un proxecto técnico integral, dotado de financiamento suficiente, que contemple todas as actuacións necesarias e que conte coa participación da comunidade educativa do centro.

Santiago de Compostela, 18 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/03/2026 13:37:13

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2026 13:37:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 13:37:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:47:23
Nº Rexistro: 53684
Data envío: 18/03/2026 13:47:23.317

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:47:23
Nº Rexistro: 53684
Data envío: 18/03/2026 13:47:23.317

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:47:24

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O IES Moncho Valcarce, situado no concello das Pontes de García Rodríguez e no que cursan estudos máis de 400 alumnos e alumnas, presenta desde hai anos diversas deficiencias estruturais, funcionais e enerxéticas que condicionan gravemente o desenvolvemento normal das actividades educativas e deportivas. Entre estas carencias destacan a existencia de filtracións de auga e goteiras que afectan tanto ás cubertas como ás aulas e ao pavillón polideportivo, a presenza persistente de humidades e mofo, así como a obsolescencia dos sistemas de calefacción e iluminación e un illamento térmico insuficiente que repercute negativamente na eficiencia enerxética e no confort das instalacións.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Estas deficiencias supoñen un risco para a saúde, a seguridade e o benestar da comunidade educativa, ao tempo que evidencian unha falta de intervención por parte da administración autonómica, que ten atribuídas as competencias en materia de ensino non universitario e conservación dos centros públicos de Educación Secundaria. A pesar das reiteradas demandas da comunidade educativa e das administracións locais, así como das inspeccións realizadas nos últimos anos, non se ten producido unha actuación integral nin unha planificación clara para a mellora destas instalacións, que acumulan xa varias décadas de antigüidade.

Resulta, polo tanto, imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para garantir que o centro reúna as condicións adecuadas de habitabilidade, salubridade, seguridade e eficiencia enerxética, de acordo coa normativa vixente e cos estándares que deben rexer os espazos educativos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución das actuacións necesarias no IES Moncho Valcarce e no seu pavillón polideportivo.

Santiago de Compostela, 18 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/03/2026 13:37:36

Patricia Iglesias Rey na data 18/03/2026 13:37:44

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2026 13:37:50

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2026 13:37:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 13:38:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:50:24
Nº Rexistro: 53686
Data envío: 18/03/2026 13:50:24.402

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:50:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:50:24
Nº Rexistro: 53686
Data envío: 18/03/2026 13:50:24.402

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O IES Moncho Valcarce, situado no concello das Pontes de García Rodríguez e no que cursan estudos máis de 400 alumnos e alumnas, presenta desde hai anos diversas deficiencias estruturais, funcionais e enerxéticas que condicionan gravemente o desenvolvemento normal das actividades educativas e deportivas. Entre estas carencias destacan a existencia de filtracións de auga e goteiras que afectan tanto ás cubertas como ás aulas e ao pavillón polideportivo, a presenza persistente de humidades e mofo, así como a obsolescencia dos sistemas de calefacción e iluminación e un illamento térmico insuficiente que repercute negativamente na eficiencia enerxética e no confort das instalacións.



Estas deficiencias supoñen un risco para a saúde, a seguridade e o benestar da comunidade educativa, ao tempo que evidencian unha falta de intervención por parte da administración autonómica, que ten atribuídas as competencias en materia de ensino non universitario e conservación dos centros públicos de Educación Secundaria. A pesar das reiteradas demandas da comunidade educativa e das administracións locais, así como das inspeccións realizadas nos últimos anos, non se ten producido unha actuación integral nin unha planificación clara para a mellora destas instalacións, que acumulan xa varias décadas de antigüidade.

Resulta, polo tanto, imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para garantir que o centro reúna as condicións adecuadas de habitabilidade, salubridade, seguridade e eficiencia enerxética, de acordo coa normativa vixente e cos estándares que deben rexer os espazos educativos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución das actuacións necesarias no IES Moncho Valcarce e no seu pavillón polideportivo.

Santiago de Compostela, 18 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/03/2026 13:38:10

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2026 13:38:15

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 13:38:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 53687
Data envío: 18/03/2026 13:50:47,292

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:50:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 53687
Data envío: 18/03/2026 13:50:47,292

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Argimiro Marnotes Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa posta en cuestión da acción popular nos procedementos por delitos e actos de violencia no ámbito deportivo

Exposición de Motivos

O pasado día 15 de decembro de 2025, o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 3/2025, de 15 de decembro de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG de 18 de decembro de 2025), cos votos a favor do grupo parlamentario popular e as abstencións do resto dos grupos da cámara.

Desta forma, e en exercicio da súa competencia exclusiva na materia do deporte, a comunidade autónoma de Galicia aprobaba a través do seu Parlamento unha serie de cuestións de distinta índole referidas todas elas ao ámbito deportivo e que viñan a modificar e ampliar as previsións da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

Entre estas novas cuestións, o Parlamento aprobaba a existencia da acción popular prevista no artigo 125 da Constitución española de 1978, para o ámbito deportivo. Como se establece na exposición de motivos da Lei 3/2025, de 15 de decembro, esta reforma posibilita “a comparecencia da Administración autonómica como acusación popular nos procedementos por delitos e actos de violencia perpetrados no ámbito deportivo que se sigan no territorio da comunidade autónoma, co fin lexítimo e co interese social de actuar contra esta praga do deporte e do conxunto das nosas sociedades que son os comportamentos violentos. Trataríase, en definitiva, de garantir aínda mais a protección da legalidade e do interese social, así como o propio sistema deportivo galego, considerado como un patrimonio social colectivo pertencente a toda a sociedade de Galicia”.

Asinado o día 18/03/2026 ás
13:56
Por Alberto Pazos Couñago



Esta acción popular pasa a incorporarse ao texto legal como un novo artigo 128 bis, que establece:

“1. A Administración da Xunta de Galicia poderá exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia no deporte, na forma e nas condicións establecidas pola lexislación procesual.

2. O exercicio da acción popular por parte da Administración da Xunta de Galicia non se levará a cabo se existir negativa expresa por parte da vítima ou, se for o caso, de quen exerza a súa representación legal”.

A existencia desta acción popular non so foi considerada pola cámara galega como unha medida xusta, oportuna e necesaria para a loita contras as violencias no ámbito do deporte da comunidade autónoma, senón que ten ademais numerosos precedentes, en Galicia e fora de Galicia, en materias tan dispares como son:

a) A loita contra a violencia de xénero: A Lei 5/2005, do 20 de decembro, integral contra a violencia de xénero da Comunidad de Madrid (art. 29); a Lei 4/2007, do 22 de marzo, de Prevención e Protección Integral ás Mulleres Vítimas de Violencia en Aragón (art. 31); a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (art. 30); a Lei 8/2011, do 23 de marzo, de Igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero en Estremadura (art. 82.6); a Lei 7/2012, do 23 de novembro, integral contra a violencia sobre a muller no ámbito da Comunitat Valenciana (art. 58); e a Lei 4/2018, do 8 de outubro, para unha Sociedade Libre de Violencia de Xénero en Castela-A Mancha (art. 35).

b) A protección de consumidores e usuarios: Por exemplo, a Lei 16/2006, do 28 de decembro, de Protección e Defensa dos Consumidores e Usuarios de Aragón (art. 16 bis, introducido pola Lei 4/2019, do 7 de marzo).

c) A protección da infancia e adolescencia: A Lei 8/2010, do 23 de decembro, de garantía de dereitos e atención á infancia e a adolescencia de Cantabria (art. 46); e a Lei 14/2010, do 27 de maio, dos dereitos e as oportunidades na infancia e a adolescencia (art. 91, introducido pola Lei 3/2023, do 16 de marzo).

d) A protección de vítimas do terrorismo: A Lei 5/2018, do 17 de outubro, para a protección, recoñecemento e memoria das vítimas do terrorismo da Comunidad de Madrid (art. 25 bis, introducido pola Lei 9/2022, do 16 de novembro).





e) Ou as Disposicións xerais sobre comparecencia en xuízo da administración autonómica, como son a Lei 2/2021, do 21 de maio, de defensa, asistencia xurídica e comparecencia en xuízo da administración da Comunidade Autónoma de Extremadura (art. 5.4), ou a Lei 7/1996, de organización dos servizos xurídicos da Administración da Generalidad de Cataluña (art. 9), tamén contemplan esta posibilidade.

Así pois, á vista do marco competencial que o ampara (artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía), da finalidade lexítima do artigo 128 bis (loitar contra a violencia no deporte) e dos numerosos antecedentes existentes, resulta canto menos chocante que o Goberno central veña de trasladar á Xunta de Galicia que cuestiona a compatibilidade de dito novo precepto coa normativa estatal, procedendo a solicitar o inicio dunha comisión bilateral de cooperación Administración Xeneral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei da Comunidade Autónoma de Galicia Lei 3/2025, de 15 de decembro de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Ante esta situación, que pon en perigo un acordo adoptado polo Parlamento de Galicia no lexítimo exercicio da súa competencia estatutaria no ámbito deportivo, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España o rexeitamento da posta en cuestión da constitucionalidade da medida contemplada no artigo 128 bis da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, toda vez que supón o lexítimo exercicio da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma na materia deportiva”.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 13:56:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:57:20
Nº Rexistro: 53698
Data envío: 18/03/2026 13:57:20.332

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 13:57:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 13:57:20
Nº Rexistro: 53698
Data envío: 18/03/2026 13:57:20.332

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53708
Data envío: 18/03/2026 14:05:03,126

Asinado o día 18/03/26
13:57
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre políticas públicas de memoria histórica en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Cando se van cumprir 90 anos do inicio da represión franquista posterior ao golpe militar de 1936 -e máis de 50 anos desde o final da Ditadura-, no Estado español segue pendente o desenvolvemento dunha verdadeira e completa política pública da memoria que faga posíbel exercer o dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e de Garantías de non repetición. Esta materia pendente é especialmente esixíbel ao goberno galego, un dos poucos dentro do Estado español que non fai absolutamente nada no ámbito das políticas públicas.

2. As institucións deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terríbel período histórico. Esta condena debe ir acompañada do compromiso cos valores democráticos e a defensa dos dereitos humanos, nomeadamente o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e de garantías de non repetición. No caso do Parlamento e do goberno galego, existe ademais unha obriga clara a este respecto porque moitos dirixentes políticos republicanos e galeguistas que loitaron polo autogoberno e polo Estatuto foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, exilio, depuración e outras múltiples formas de violencia.

3. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos

Asinado o día 18/03/2026 ás
13:57
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 18/03/2026 ás
13:57
Por Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias. Entre estas obrigas, non se pode adiar a da reparación de todas as persoas que foron xulgadas e condenadas por tribunais ilegais, impostos polos militares que se levantaron en armas contra un réxime democrático e un goberno elixido nas urnas.

4. Nas últimas décadas as institucións e a sociedade organizada deron pasos no desenvolvemento de políticas de memoria en Galiza. Cabe salientar a este respecto as iniciativas desenvolvidas polo goberno galego no período 2005-2009 como a programación 2006 Ano da Memoria, a creación do Consello da Memoria de Galiza, a declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria, o proxecto de investigación interuniversitario Nomes e Voces, o convenio sobre exhumacións, o programa Mulleres con memoria, as convocatorias de axudas para asociacións, investigadores/as e para o ámbito artístico, a organización de congresos, xornadas, exposicións, etc.

A partir do ano 2009, coa chegada do PP ao goberno galego, estas iniciativas foron eliminadas ou marxinadas. No caso do proxecto Nomes e Voces, a eliminación do apoio económico levou ao peche do programa de investigación e ao seu mantemento unicamente como web grazas a outras axudas. Na Illa de San Simón elimináronse case todos os contidos relacionados coa recuperación da memoria histórica e desapareceron as actividades que lle daban sentido á Illa da Memoria. Na actualidade só se desenvolve un acto anual que é organizado pola Iniciativa Galega da Memoria.

5. A inexistencia de políticas públicas de memoria por parte das institucións galegas supón a conculcación de dereitos humanos universalmente recoñecidos e un obstáculo para a construción dunha sociedade verdadeiramente democrática. E máis alá destes feitos, constitúe unha afronta e un agravio para a memoria das vítimas e das súas familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que en Galiza se produciu esta parálise e este desleixo, noutras comunidades do Estado aprobáronse normas avanzadas e desenvolvéronse políticas públicas da memoria que supuxeron avances en moitos ámbitos, sobre todo no relacionado co coñecemento da verdade, a localización e identificación de persoas desaparecidas, a eliminación da simbología franquista, a sinalización de lugares da memoria, a reparación simbólica de persoas e colectivos, a creación de arquivos públicos e mesmo a anulación de sentenzas.

Desde o ano 2022 está en vigor a Lei 20/2022 de Memoria Democrática, que se ben ten eivas e carencias, supón un importante paso adiante no ámbito das políticas públicas de memoria. Mais este marco legal estatal é plenamente compatíbel co desenvolvemento por parte do goberno galego dunha política pública centrada no exercicio do dereito á verdade, á xustiza e a reparación consonte o establecido na lexislación estatal e no ordenamento xurídico internacional.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta o goberno galego a:

1. Desenvolver unha Política pública sobre a memoria histórica fundamentada na defensa dos dereitos humanos, e especificamente do dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e ás Garantías de non repetición. Esta política pública terá carácter transversal, continuidade no tempo e dependencia presidencia da Xunta ou da Consellaría con competencias en materia de xustiza, dereitos e liberdades. Para o desenvolvemento desta política crearase un órgano con rango de Secretaría Xeral.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar -mediante un amplo proceso de participación social- e enviar ao parlamento un proxecto de Lei galega da memoria histórica que complemente e amplíe os dereitos e as iniciativas recoñecidos pola lexislación estatal.

3. Para garantir o dereito á Verdade, o goberno galego promoverá unha Comisión da Verdade independente, plural e de carácter oficial que permita coñecer todas as formas de represión e todos os tipos de vítimas galegas do franquismo, entendidas estas en sentido amplo e durante o período 1936-1977.

Como apoio á comisión da verdade, daráselle continuidade ao proxecto interuniversitario de investigación Nomes e Voces, e crearase o Arquivo da Memoria Histórica de Galiza, como centro público para a investigación, a documentación e a divulgación da memoria da represión franquista e da loita pola democracia e a liberdade. Para a creación deste arquivo empregaranse os fondos recollidos no proxecto Nomes e Voces e outras achegas de entidades e persoas particulares.

Para favorecer os traballos de investigación e de coñecemento da verdade, adoptaranse as medidas legais e disporanse os medios necesarios para facilitar o acceso ás fontes escritas, e nomeadamente aos arquivos oficiais. Neste sentido, instarase ao goberno central a desclasificación de fondos documentais que na actualidade non son accesíbeis, e demandarase unha política estatal e unha lexislación de arquivos que revise os criterios aplicábeis en materia de privacidade e de confidencialidade, de conformidade cos estándares internacionais e garantindo o dereito á verdade.

Paralelamente, promoverase e priorizarase o estudo, investigación e rexistro da memoria oral do período 1936-1981, pola súa importancia para o coñecemento da verdade e porque por razóns cronolóxicas xa estamos nun momento límite para acceder a testemuñas directas dos feitos obxecto de investigación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o goberno galego prestará apoio á conservación e divulgación de arquivos de partidos, sindicatos, fundacións e outras entidades que conserven fondos relacionados co período 1936-1981.

Con relacións ás persoas desaparecidas, o goberno galego colaborará con medios propios no Plan plurianual de investigación, localización, exhumación, identificación e enterramento digno das vítimas da represión franquista, en colaboración coas asociacións e as familias.

En relación coas causas da morte das persoas vítimas de represión, a Comisión da Verdade e o Arquivo Público da Memoria velarán porque se faga constar a verdadeira causa da morte, mais alá da que figure no certificado médico ou no rexistro civil. Neste sentido, instaranse as reformas legais necesarias para que nas inscricións rexistras de falecemento se engada a referencia ás circunstancias da morte.

4. En relación co dereito á Xustiza, o goberno galego desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Instar ao goberno do Estado a derogación da lei 46/1977 (Lei de amnistía) por ser o principal obstáculo para a apertura de investigacións e procedementos penais sobre violacións graves dos dereitos humanos e do dereito humanitario acontecidas antes de 1977. Esta derogación xustifícase pola incompatibilidade dos efectos da lei de amnistía coas obrigas internacionais adquiridas polo estado español, nomeadamente o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, ratificado o 27 de abril de 1977, isto é, antes da entrada en vigor da Lei de Amnistía.

Ademais dos estándares internacionais que establecen a imprescritibilidade dos delitos de lesa humanidade, nos casos de desaparición forzada seguirase o criterio do dereito internacional que establece que os prazos de prescrición deben contarse a partir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do momento en que cesa a desaparición forzada, é dicir, desde que a persoa aparece con vida ou aparecen os seus restos.

b) Instar ao goberno do Estado a revisión das reformas da lei orgánica 6/1985, de 2009 e 2014, que limitan significativamente a posibilidade de que os xulgados españois poidan exercer a súa xurisdición sobre crimes internacionais graves, como o xenocidio, os crimes de lesa humanidade e os crimes de guerra.

5. En relación co dereito á reparación, o goberno galego desenvolverá un marco normativo galego que inclúa:

- a reparación a todas as vítimas non incluídas na lexislación vixente, especialmente persoas privadas de liberdade baixo réximes particulares, en campos de concentración e de traballos forzados, así como persoas detidas en aplicación da lei sobre vagos e maleantes de 1933;

- a reparación das persoas sometidas a sancións laborais, económicas e de incautacións de bens;

- a reparacións ás mulleres vítimas da represión en xeral e especificamente de delitos sexistas e machistas como violacións e vexacións.

6. Con respecto ás garantías de non repetición, o goberno galego porá en marcha as seguintes medidas:

- a) Elaboración dunha relación de símbolos e monumentos conmemorativos de exaltación do golpe de estado, a violencia e a Ditadura franquista, coa finalidade de promover a súa eliminación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Promover, en colaboración con outras institucións, a anulación de honores, distincións e recoñecementos a persoas vencelladas coa represión franquista e coa Ditadura.

c) Elaboración, en colaboración con outras administracións e co movemento asociativo memorialístico, dun mapa da memoria e sinalización dos lugares da represión, da resistencia e da solidariedade. E a partir deste mapa, impulsar a creación dunha Rede de Lugares da Memoria Histórica Democrática Antifascista Galega.

d) Desenvolvemento de programacións escolares de educación en dereitos humanos que inclúan o estudo do golpe de Estado, da represión e da Ditadura franquista, e da resistencia e loita polas liberdades.

e) Promoción da formación dos funcionarios públicos, especialmente do poder xudicial, en materia de dereitos humanos incidindo na responsabilidade do poder xudicial, particularmente as xurisdicións especiais, despois do golpe de Estado de 1936 e durante a Ditadura franquista.

f) Creación do Consello da Memoria Histórica Democrática de Galiza, como órgano plural de participación e intervención de entidades memorialistas e persoas expertas na definición de desenvolvemento das políticas públicas.

g) Convocatoria de axudas públicas á programación anual de actividades por parte de colectivos memorialistas e concellos, así como liñas de apoio a actividades de investigación, divulgación, creación cultural e homenaxe relacionadas coa historia contemporánea de Galiza e nomeadamente co período 1916-1981.

7. Polo seu significado e o seu simbolismo, declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria e espazo central da memoria histórica democrática e da loita





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola liberdade en Galiza. En consonancia con esta función simbólica e referencial, desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

- Promoción da Illa como espazo para a realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, a represión, a resistencia e a solidariedade. Promoveranse especialmente as actividades destinadas ao público escolar e as visitas organizadas polas asociacións memorialistas. Nas visitas de carácter turístico farase referencia ampla á etapa histórica na que a illa foi lugar de represión, de cárcere e asasinato. Paralelamente, restrinxiranse as actividades que poidan ser consideradas ofensivas ou agresivas para a memoria das vítimas.

- Conservación e potenciación da sinalética, dos espazos expositivos e das expresións artísticas relacionadas coa historia da illa como lugar de represión, de resistencia e de solidariedade.

- Desenvolvemento do Memorial de San Simón coa dixitalización e divulgación de todo o material actualmente disperso sobre a historia do presidio, as persoas alí recluídas e as que foron sacadas da illa para seren asasinadas.

- Desenvolvemento na Illa dun programa anual de actividades relacionadas coa represión, a resistencia e a solidariedade, e colaboración coas asociacións memorialistas na organización da Homenaxe Nacional ás Vítimas do Franquismo.

8. En relación co Pazo de Meirás

- Defender a transferencia a Galiza do Pazo de Meirás, baixo a fórmula de cesión modal. Esta cesión modal debe garantir a titularidade e uso público, asociado á centralidade dos contidos relacionados coa memoria histórica democrática e coa represión franquista e a complementariedade da vinculación coa vida e obra de Emilia Pardo Bazán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Velar pola xestión compartida na que cando menos participen a Xunta, o goberno central e o concello de Sada, xestión que se vehiculizará mediante un convenio de colaboración no que se inclúan os compromisos de financiamento e as achegas de cada institución.

-Garantir a participación da sociedade galega na definición dos usos e na xestión deste lugar de memoria, contando de maneira expresa e principal coa implicación das entidades memorialistas que foron decisivas no proceso de recuperación do Pazo de Meirás.

9. En relación co espolio franquista

- Encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita. Neste estudo débense analizar as vías para a recuperación dos bens espoliados, prestando o asesoramento necesario ás entidades públicas e privadas e ás persoas que desexen emprender accións legais para a restitución dos citados bens.

- Como resultado desta investigación, elaborar un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación. Ademais, o informe deberá facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

10. En relación coa guerrilla antifranquista

-Promover unha homenaxe institucional á guerrilla antifranquista galega. A tal fin organizarase un acto público ao que se convidará ás entidades da memoria histórica galega e ás familias das persoas homenaxeadas, e no que se fará un recoñecemento específico ás as mulleres que participaron na loita armada antigranquista.

-Recoñecer aos homes e mulleres da guerrilla antifranquista galega como combatentes antifascistas.

11. En relación co Día da Galiza Mártir

- Institucionalizar o 17 de agosto como Día da Galiza Mártir, para honrar a Alexandre Bóveda e a todas as persoas perseguidas e asasinadas polo franquismo en Galiza.

-Organizar anualmente un acto institucional con motivo desta data e crear uns galardóns co obxecto de recoñecer a entidades e persoas con unha traxectoria destacada na recuperación da memoria histórica democrática galega.

-Desenvolver anualmente un programa actividades para dar a coñecer a vida e a obra de Alexandre Bóveda e dos compañeiros e compañeiras de xeración que foron perseguidos e asasinados polo franquismo en Galiza.

-Dirixirse ao goberno do Estado para que se promovan as accións necesarias para a rehabilitación plena de Alexandre Bóveda e para a anulación da sentenza que o condenou a morte, así como para a anulación de todas as sentenzas, expedientes e sancións ditadas durante a Ditadura contra cidadáns e cidadás galegas por motivos políticos, ideolóxicos, de crenzas, de raza ou de diversidade sexual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

12. En relación coa perspectiva de xénero nas políticas públicas da memoria.

-Levar a cabo a partir do presente ano unha programación de carácter plurianual sobre a represión franquista contra as mulleres galegas que inclúa medidas de investigación, divulgación, reparación, homenaxe e acceso á xustiza. Nesta programación desenvolverase un programa específico de estudo, divulgación e homenaxe sobre as mulleres como protagonistas da resistencia contra a Ditadura franquista-incluindo a resistencia armada-, como integrantes das redes de solidariedade e como artífices da transmisión da memoria.

-Promover os contidos sobre “muller e memoria histórica democrática” no ámbito do ensino, fomentando a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha persecución, represión e restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual.

-Desenvolver medidas de localización, dixitalización e acceso ao público da documentación do “Patronato de Protección de la Mujer” existente en arquivos e institucións galegas, e impulsar a investigación e a divulgación de traballos sobre esta materia”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2026 13:57:35

Luis Bará Torres na data 18/03/2026 13:57:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2026 13:57:49

Mercedes Queixas Zas na data 18/03/2026 13:57:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53708
Data envío: 18/03/2026 14:05:03.126



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 14:05:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53708
Data envío: 18/03/2026 14:05:03.126

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

A mediados de marzo 2026 rexistráronse os primeiros incendios forestais na provincia de Ourense, concretamente no Parque Natural do Xurés, no concello de Muíños, e tamén en Viana do Bolo.

E isto non é un dato menor porque cando o lume aparece en marzo o que está en cuestión é todo o que non se fixo antes.

E iso é o que realmente nos debería preocupar.

A realidade do territorio é que os incendios seguen chegando cada vez máis cedo, e iso só ten unha lectura posible: a prevención non está funcionando como debería. A prevención é execución, algo no que falla o Goberno galego é actuar durante todo o ano sobre o territorio, na xestión da biomasa, no mantemento das infraestruturas preventivas, nos tratamentos silvícolas e na planificación forestal. E aí é onde están as principais eivas do modelo actual.

Galicia continúa sen plans de ordenación de recursos forestais, malia seren unha ferramenta chave para reducir a vulnerabilidade estrutural do territorio. Seguimos traballando con plans de distrito que, en moitos casos, non están

Asinado o día 18/03/2026 ás 16:37
Por Lara Méndez López

Asinado o día 18/03/2026 ás 16:37
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



actualizados nin adaptados á realidade climática e forestal actual. E mantense un modelo baseado en actuacións fragmentadas, cunha execución irregular e sen continuidade ao longo de todo o ano.

O resultado é evidente: o risco non só non diminúe, senón que se mantén elevado e, ademais, adiántase no calendario.

Ourense, unha vez máis, volve situarse como un dos territorios máis vulnerables, tanto pola súa estrutura forestal como pola falta dunha planificación efectiva que aborde de maneira integral a prevención.

Por iso, esta iniciativa non pretende analizar un incendio concreto, senón avaliar o que hai detrás. O grao real de execución das medidas preventivas, o cumprimento da planificación existente e a capacidade do modelo actual para facer fronte a un escenario de incendios cada vez máis complexo e menos estacional.

A realidade é que a prevención segue sen estar á altura do que Galicia necesita, por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1) Presentar no Parlamento de Galicia un informe detallado, desagregado por distritos forestais, sobre o conxunto das actuacións de prevención de incendios forestais previstas e non executadas durante os últimos cinco anos, que inclúa:

- a) identificación das actuacións non realizadas,
- b) grao de execución anual por tipoloxía (xestión de biomasa, infraestruturas preventivas, tratamentos silvícolas),
- c) causas da non execución,

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



d) e impacto destas desviacións sobre o nivel de risco estrutural do territorio.

2. Presentar no Parlamento de Galicia un informe específico de avaliación das actuacións preventivas recollidas no Pladiga 2025, que inclúa:

- a) relación detallada das actuacións previstas e non executadas,
- b) distribución territorial por distritos forestais,
- c) identificación de déficits na planificación e execución,

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2026 16:37:22

Lara Méndez López na data 18/03/2026 16:37:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 16:37:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:39:53
Nº Rexistro: 53716
Data envío: 18/03/2026 16:39:53,570

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 16:39:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:39:53
Nº Rexistro: 53716
Data envío: 18/03/2026 16:39:53,570

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia leva anos promovendo accións e traballando contra o cambio climático, con resultados contrastables como a importante redución de emisións de gases á atmosfera e impulsando, neste ámbito, diversas iniciativas, como a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 ou a Alianza Galega polo Clima, entre outras moitas, cunha demostrada eficacia que coloca a Galicia como un verdadeiro referente neste eido.

Porén, cómpre o desenvolvemento de accións orientadas á concienciación e sensibilización sobre o cambio climático e as súas consecuencias no medio e na nosa vida, e tamén introducir no ámbito do ensino hábitos que involucren a cidadanía de maneira directa neste reto.

Especialmente, estas accións deben ir en maior medida encamiñadas á xente máis moza, xa que é moi importante a concienciación en fases de aprendizaxe e maior plasticidade cognitiva sobre os pequenos xestos e boas prácticas polo clima, que non supoñen unha carga ou esforzo ao facelos, pero que se non se é consciente da súa importancia, non se fan, como desenchufar os aparatos electrónicos ou a correcta separación dos residuos para facilitar a reciclaxe.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha diferentes accións de concienciación e sensibilización para facer fronte ao cambio climático implicando á cidadanía na acción climática, con especial fincapé na xente máis moza.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2026 16:53:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:54:27
Nº Rexistro: 53722
Data envío: 18/03/2026 16:54:27.698

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 16:54:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:54:27
Nº Rexistro: 53722
Data envío: 18/03/2026 16:54:27.698

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o Pazo de Meirás e o espolio franquista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente sentenza do Tribunal Supremo sobre o Pazo de Meirás pon de novo de actualidade as consecuencias do espolio perpetrado polo Ditador Francisco Franco e a súa familia desde 1936. Ao longo da Ditadura, esta familia acaprou bens e propiedades que a partir de 1975 lle foron implicitamente recoñecidas. Durante décadas fixeron negocios e obtiveron beneficios millonarios a conta de bens que foron roubados ou apropiados de maneira ilícita.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios fraudulentos, irregulares ou ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac (felizmente recuperadas polo concello de Santiago), as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo desta apropiación de bens tamén debe poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.



Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta o goberno galego a:

1. Encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita. Neste estudo débense analizar as vías para a recuperación dos bens espoliados, prestando o asesoramento necesario ás entidades públicas e privadas e ás persoas que desexen emprender accións legais para a restitución dos citados bens.

2. Como resultado desta investigación, elaborar un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación. Ademais, o informe deberá facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 18/03/2026 16:42:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2026 16:42:42

Mercedes Queixas Zas na data 18/03/2026 16:42:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:55:11
Nº Rexistro: 53724
Data envío: 18/03/2026 16:55:11.785

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 16:55:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 16:55:11
Nº Rexistro: 53724
Data envío: 18/03/2026 16:55:11.785

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 17:29:09
Nº Rexistro: 53729
Data envío: 18/03/2026 17:29:09.227

Asinado o día 18/03/26
17:26
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que rexeita levantar a suspensión cautelar da caza do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 11 de abril de 2025 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Resolución do 3 de abril de 2025 pola que se modifica a Resolución do 27 de marzo de 2024 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control e os réximes especiais por especies durante a tempada 2024-2025.

O obxecto desta modificación é incluír o lobo entre as especies cinexéticas, autorizando esperas, batidas e montarías do lobo todo o ano. Mais esta disposición contravén o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo, que indica o seguinte: “Evitarase, salvo casos excepcionais debidamente xustificados, a realización de controis durante a época de reprodución desta especie (de marzo a xullo)”.

Parece cando menos un contrasentido que o Plan de xestión do lobo estableza estas fortes restricións ás medidas de control da especie e que a citada resolución se faga pública e levante a veda sen que esta medida estea avalada por informes técnicos.

Logo da presentación dunha demanda por parte de entidades conservacionistas, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza resolveu en xuño de 2025 a suspensión cautelar da citada resolución, aplicando o principio de precaución e pola non xustificación por parte do goberno galego da necesidade desta medida. O auto do TSXG

Asinado o día 18/03/2026 ás
17:26
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 18/03/2026 ás
17:26
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 17:29:09
Nº Rexistro: 53729
Data envío: 18/03/2026 17:29:09.227

establece que “non se ofrece información nin cualitativa nin cuantitativa sobre os danos á gandaría” e que este aínda que non sexas irreversíbeis son indemnizábeis.

Logo solicitude de contracautela presentada pola Xunta, que demandaba unha actuación singular en tres zonas, o TSXG resolveu en marzo de 2026 denegar a autorización para realizar batidas de control do lobo nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Curtis e Ferrol. A resolución xudicial establece que a Xunta non acreditou con datos o cambio da situación que xustifique modificar as medidas cautelares xa adoptadas.

O que resulta máis chamativo é que o Tribunal sinala que a administración galega non achega probas técnicas para o incremento de ataques de lobos: “non se achega ningunha referencia técnica contrastada dun incremento de densidade poboacional que determine un verdadeiro cambio de circunstancias respecto ao valorado no auto firme de suspensión cautelar”. Ademais, cuestiona que a Xunta omitise a avaliación previa que o Plan de Xestión do Lobo obriga a realizar.

O que resulta máis escandaloso é que en lugar de presentar informes técnicos fiábeis, a Xunta presenta un informe baseado en noticias publicadas pola preense, informe asinado pola Directora xeral de Patrimonio Natural Marisol Díaz Mouteira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a cumprir o previsto no punto 10.3 do Plan de xestión do lobo e a desenvolver todas as medidas incluídas no citado plan”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 18/03/2026 17:26:22

Paulo Ríos Santomé na data 18/03/2026 17:26:31

Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/03/2026 17:26:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 17:29:09
Nº Rexistro: 53729
Data envío: 18/03/2026 17:29:09.227

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 17:29:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 17:29:09
Nº Rexistro: 53729
Data envío: 18/03/2026 17:29:09.227

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde das Pontes atende a unha poboación ampla e dispersa territorialmente, que precisa contar con servizos diagnósticos básicos no propio municipio para evitar desprazamentos innecesarios e garantir unha atención sanitaria eficaz e en condicións de equidade. A inexistencia do servizo de radioloxía neste centro sanitario supón unha limitación relevante para a capacidade diagnóstica da atención primaria, obrigando á cidadanía a trasladarse a outros centros, con especial impacto nas persoas maiores, con mobilidade reducida ou con menos recursos.



Cómpre salientar que o propio centro dispón de espazos habilitados que permitirían a implantación deste servizo, polo que a súa ausencia non responde a limitacións estruturais senón á falta de planificación e dotación por parte do Servizo Galego de Saúde. Ademais, esta reivindicación foi apoiada pola veciñanza das Pontes mediante recollidas de sinaturas e mobilización social, evidenciando unha demanda clara e sostida no tempo por parte da cidadanía.

A garantía de acceso a probas diagnósticas básicas no ámbito da atención primaria é un elemento esencial para a eficiencia do sistema sanitario, para a redución das listas de espera e para a mellora da calidade asistencial. A implantación do servizo de radioloxía no Centro de Saúde das Pontes contribuiría a reforzar a capacidade resolutiva da atención primaria e a avanzar na cohesión territorial e na igualdade no acceso aos servizos públicos sanitarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proceder á implantación efectiva e inmediata do servizo de radioloxía no Centro de Saúde das Pontes, aproveitando os espazos xa existentes e garantindo a dotación de medios técnicos e humanos necesarios para o seu funcionamento estable.

Santiago de Compostela, 18 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 18/03/2026 18:02:23

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2026 18:02:29

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2026 18:02:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2026 18:02:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 18:05:41
Nº Rexistro: 53735
Data envío: 18/03/2026 18:05:41.748

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 18:05:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 18:05:41
Nº Rexistro: 53735
Data envío: 18/03/2026 18:05:41.748

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 53746
Data envío: 18/03/2026 18:18:22.834

Asinado o día 18/03/2026 ás 18:17
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar diante da contratación de facultativas/os sen a especialidade MIR, obrigatoria para desenvolver actividade na sanidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública galega atravesamos unha situación de emerxencia, especialmente no nivel da Atención Primaria e nos servizos de urxencias hospitalarias. A cidadanía de múltiples concellos leva xa non meses, senón anos, soportando demoras de ata catro semanas para ser atendida polo seu médico de cabeceira, milleiros de persoas sen un facultativo asignado e unha sobrecarga inasumíbel para os profesionais que permanecen nos seus postos.

A Consellería de Sanidade, liderada polo PP, xustifica esta situación apelando sistematicamente á falta de médicos no sistema e derivando as responsabilidades ao Goberno central.

Recentemente saltaron as alarmas ao constatare a contratación de facultativas/os sen a especialidade Mir para cubrir prazas que esixen a especialización, especialmente en Atención Primaria, mais tamén en servizos como urxencias hospitalarias.

Esta situación non é un feito illado, xa son moitos as/os médicas/os sen o título de MIR de Medicina de Familia e Comunitaria, que o Sergas ten contratado para traballar en Puntos de Atención Continuada (PAC), centros de saúde e servizos como urxencias

Asinado o día 18/03/2026 ás 18:17
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 18/03/2026 ás 18:16
Por María Montserrat Prado Cores





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

hospitalarias toda Galicia. Hai constatación destas contratación nas área sanitaria de Vigo, a Coruña, Santiago, Ourense...

Esta práctica está a provocar a denuncia de sindicatos , colexios profesionais e sociedades científicas, que consideran esta práctica unha liña vermella e un risco para a poboación. prazas cubertas

Esta situación, lonxe de ser un feito puntual, convértese nunha constante que normaliza o "anormal". A substitución de persoal especializado por outros facultativos sen a devandita titulación específica é un parche que non resolve o problema de fondo e compromete a continuidade asistencial, expoñendo a poboación a riscos evitables.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

1.- Exixir á Consellería de Sanidade que só contrate para cubrir prazas de facultativas/os en Atención Primaria, PAC ou servizos de urxencias hospitalarias a aqueles profesionais que posúan a titulación de especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, limitando a contratación de facultativos sen esta especialidade, única e exclusivamente a situacións excepcionais, debidamente xustificadas e por períodos de tempo estritamente limitados.

2.- Presentar no Parlamento, no prazo máximo dun mes, un informe no que conste o número de profesionais facultativos sen a formación MIR en Medicina Familiar e Comunitaria contratados polo SERGAS, o tipo de contrato, por canto tempo e en que centros sanitarios.

3.- Plan de choque para a Atención Primaria que no inmediato realice





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a) A convocatoria inmediata de todas as prazas estruturais vacantes nos centros de saúde e PAC.

b) A mellora das condicións laborais das/os profesionais do Sergas, para facer atractivo o sistema público galego fronte á fuga tanto á sanidade privada como a outros territorios.

c) Eliminación do pago do complementos de dedicación exclusiva aos profesionais que non traballen exclusivamente á sanidade pública.

4.- Incorporación de categorías novas en número suficiente para formar auténticos equipos multidisciplinares: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas...”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2026 18:16:55

Iria Carreira Pazos na data 18/03/2026 18:17:02

Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2026 18:17:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 53746
Data envío: 18/03/2026 18:18:22.834

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/03/2026 18:18:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2026 18:18:22
Nº Rexistro: 53746
Data envío: 18/03/2026 18:18:22.834

CSV: BOPGDSPG-6j1n0KrXL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

